

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 18 de xullo de 2025

-----oOo-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día 18 de xullo do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa María Sánchez Méndez, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto *Carlos Cuadrado Romay*, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, *Antonio Graña Gómez*.

Non asisten os deputados *Roberto José Álvarez Carrero* e *María Nava Castro Domínguez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Belén Cachafeiro Anta* e *María Sandra Bastos Míguez* e os deputados *Marcos Guisasaola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35444.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 10 de xullo de 2025.

2.35445.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE GONDOMAR, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025-LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REFORMA DO CRUCE DA AVDA. CONDE DE GONDOMAR COA C/EMIGRANTE” (EXPTE.2025021890)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



- En data 02/04/2025, mediante rexistro WEB2025025075, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do Concello de Gondomar na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 93.065,14 euros, co obxecto do financiamento do investimento “REFORMA DO CRUCE DA AVDA. CONDE DE GONDOMAR COA C/ EMIGRANTE” (expdte 2025021890). Deste modo, a petición do *Concello de Gondomar* queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2025- €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2025	93.065,14	93.065,14	0,00	0,00

- En data 14/04/2025, se lle require ao Concello certas aclaracións con respecto ao proxecto presentado e ao informe de normativa sectorial.
En relación a este último, a entidade municipal ao tomar en consideración o informe do técnico municipal de data 12/03/2021 solicitou, formalmente, as autorizacións sectoriais á Axencia Galega de Infraestruturas (en adiante AXI) por considerar que se actuaba no ámbito de afección dun tramo da PO-340 ao seu paso polo Concello e á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (Dirección Xeral de Patrimonio) sen ter presente que xa se dispoñía da autorización deste organismo sine die.
No informe de 21/04/2025, o Concello confirma que se dispón da autorización sectorial de Patrimonio (que consta incorporada ao expediente) e non se menciona a necesidade dunha autorización de AXI, aclarándose, posteriormente, que o tramo da PO-340 foi transferido ao Concello de Gondomar mediante decreto núm. 140/2022, de 21 de xullo, publicado no DOGA núm. 150 de 08/08/2022. Ao ser propiedade do Concello, non se precisa a autorización de AXI.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do Servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)



- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exigidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación de data 08/05/2025 e do Xefe do Servizo de Cooperación Municipal, de data 26/05/2025, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 18/06/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Gondomar*, CIF: P3602100D, unha subvención por importe de 93.065,14 euros, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, co obxecto do financiamento do investimento “REFORMA DO CRUCE DA AVDA. CONDE DE GONDOMAR COA C/EMIGRANTE” (exp: 2025021890), cuxo orzamento ascende ao mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 25/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executado a 31/12/2026 e xustificado a 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Gondomar*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

3.35446.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TUI POR REINVESTIMENTO DE BAIXA NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MEJORA DEL FIRME EN VIAL MUNICIPAL ENTRE LA EP-2502 Y LA PO-342 EN RIBADELOURO (TUI)” (EXPTE.2025038078)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



A base décimo novena das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, lexítima que o Concello poida pedir a aplicación da baixa constatada coa certificación final do investimento subvencionado para a súa aplicación no financiamento de novos investimentos, sempre e cando o importe individual ou acumulado da baixa no exercicio correspondente e do proxecto sexa igual ou superior a dez mil (10.000,00) euros. Para estes efectos, teñen a consideración de baixas definitivas as constatadas coa certificación final do investimento unha vez que esta foi fiscalizada coa conformidade da Intervención Provincial.

Logo da xustificación do investimento, incluído no Plan Concellos 2022-2023, que se reflicte na táboa que se insíre deseguido, conséntase, na anualidade 2023, un remanente a favor do Concello de TUI que importa 67.373,22 euros.

INVESTIMENTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA	IMPORTE LIBRADO	REMANENTE
HUMANIZACIÓN EN TRAVESÍA SANTO DOMINGO, TUI EXPTE.2023005931	465.075,98€	397.702,76€	67.373,22€

En data 28/05/2025 con núm. rexistro WEB2025040932, o Concello de TUI solicita, dentro do prazo previsto no acordo plenario núm. 2.8297 do 29/11/2024, polo que se prorroga o Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, que o remanente ao seu favor, se aplique no financiamento do investimento “*Mejora del firme en el vial municipal entre la EP-2502 y la PO-342 en Ribadelouro (Tui)*”.

En data 09/06/2025 con núm. rexistro WEB2025044181, emenda e completa a documentación achegada, quedando configurada a súa petición tal e como reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS
2023	67.369,23€	67.369,23€	0,00€	0,00€

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso a obtención dos informes favorables da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, do Servizo Provincial de Estradas pertencente ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, da Axenda Galega de Infraestruturas, do Servizo de Mobilidade e Vías Provinciais da Deputación Provincial de Pontevedra e da Dirección Territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Revisada a documentación, a solicitude cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do PLAN CONCELLOS 2022-2023

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Base reguladora 16ª do PLAN CONCELLOS 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

PROCEDENCIA DA CONCESIÓN

- Base 19ª das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2022-2023, que permite a aplicación das baixas no financiamento de novos investimento sempre que o importe acumulado da baixa no exercicio correspondente e do proxecto sexa igual ou superior a 10.000,00 euros.
- Acordo do Pleno da Deputación núm. 2.8297 do 29/11/2024, polo que se prorroga o Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, que estende o prazo para solicitar subvencións por reinvestimento de baixas ata o 31/05/2025. Así mesmo, tamén se prorroga o prazo de execución das obras incluídas na anualidade 2023 ata o 30/09/2025 e o de xustificación da subvención ata o 31/10/2025.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 09/06/2025, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 11/06/2025, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 19/06/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:



- Conceder ao *Concello de Tui* CIF P3605500B, por reinvestimento de baixa no marco do Plan Concellos 2022-2023 L1_anualidade 2023, a cantidade de 67.369,23 euros, con destino ao financiamento do investimento “MEJORA DEL FIRME EN VIAL MUNICIPAL ENTRE LA EP-2502 Y LA PO-342 EN RIBADELOURO (TUI)” (Expediente:2025038078) cun orzamento polo importe de 67.369,23 euros, distribuída segundo a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	ANUALIDADE	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS
2023	67.369,23€	67.369,23€	0,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45.2023 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado as autorizacións sectoriais da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, do Servizo Provincial de Estradas pertencente ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, da Axenda Galega de Infraestruturas, do Servizo de Mobilidade e Vías Provinciais da Deputación Provincial de Pontevedra e da Dirección Territorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponíbles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, de conformidade co recollido no acordo do Pleno da Deputación núm. 2.8297, de 29/11/2024 que modifica a base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado a 30/09/2025 e xustificado a 31/10/2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Tui*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.35447.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA E LECTURA DE PARAMENTOS DO CONVENTO DE SANTA CLARA EN PONTEVEDRA (EXPTE.2025004942)

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra, como entidade de goberno e administración autónoma da provincia, dentro do marco das competencias que lle son propias, ten como fins propios e específicos o fomento e a administración dos intereses particulares da provincia de conformidade co establecido nos artigos 31 e 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril e, especificamente, no artigo 36.1.d) nos que se establece que a Deputación é competente en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.



Por outra banda, o artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determina que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como, a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade.

Resultando.- Que o Museo de Pontevedra, de titularidade provincial, incorporou ao seu patrimonio o recinto conventual e templo denominado Santa Clara como ben de dominio público-servizo público, tras a cesión outorgada polo concello de Pontevedra no marco da colaboración interadministrativa.

O Convenio de cesión do inmovible, ademais da propia cesión á Institución Provincial, levaba aparellada a rehabilitación arquitectónica e ampliación do recinto conventual para o uso destinado ao Museo de Pontevedra. Neste contexto e dada a necesidade de rehabilitación e ampliación do recinto, e tras a convocatoria dun concurso de proxecto, articulado ao amparo do establecido nos artigos 183 a 187 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, a redacción do proxecto básico e de execución de “Rehabilitación e ampliación do recinto conventual de Santa Clara para uso destinado a Museo” foi adxudicado pola Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión do día 08 de marzo de 2024, a Nieto Sobejano Arquitectos, SLP (CIF: B82410572).

Resultando.- Que en xuño de 2024, de conformidade co previsto nos pregos de contratación, faise entrega do Proxecto básico de Rehabilitación e ampliación do Recinto Conventual de Santa Clara para uso destinado a Museo.

Resultando.- Que con data de 04 de xullo de 2024 a Dirección Xeral de Patrimonio e Cultura da Xunta de Galicia resolve autorizar o proxecto de rehabilitación e ampliación do recinto conventual de Santa Clara dado que a proposta recollida no proxecto mantén a historia, escala e relación coa parcela do edificio orixinal, dándolle unha continuidade contemporánea, polo que as actuacións de rehabilitación e ampliación do convento, en liñas xerais, se consideran compatibles coa protección do ben, cos restos arqueolóxicos rexistrados ata o momento e coa súa conservación ou transformación.

Non obstante dita autorización recolle, con vistas á autorización definitiva do proxecto de execución, a obriga de desenvolver unha serie de actuacións, entre as que se recolle a realización da intervención arqueolóxica obxecto da presente proposta de contratación, a cal contemple a realización previa dunha escavación en área nos puntos máis relevantes (sectores 1, 8 e 10), posibles sondaxes no sector 9 (igreja) ó 7 (cuadrilla oeste) e ampliación do rexistro e control arqueolóxico no resto do ámbito de actuación. O proxecto arqueolóxico incluírá unha relectura dos paramentos nas zonas novas postas ao descuberto ben polos traballos de escavación ben polo desmantelamento de elementos ou estruturas que os cubran.

Resultando.- Que para articular o presente contrato, en outubro de 2024 redáctase o borrador do Proxecto de escavación arqueolóxica e lectura de paramentos do convento de Santa Clara, Pontevedra (2.ª fase dos traballos) o cal se achega ao expediente e que foi remitido a Dirección Xeral de Cultura para a súa conformidade e, deste xeito, serva de base para a presente contratación.



Resultando.- Que considérase que prestación do servizo obxecto da presente contratación debe ser contratada, debido a que a institución provincial presenta unha insuficiencia de recursos humanos propios para facer fronte a dita necesidade. Recóllese que as prestacións a realizar non encobren una relación estatutaria.

Resultando.- Que en base ao exposto, con data 12 de maio de 2025 e CSV: YN8N8HO76PPPN339, a xefa do xestión do Museo de Pontevedra emite providencia na que, co visto e prace do deputado delegado, propón a contratación, mediante procedemento aberto, para a adxudicación da “servizo de escavación arqueolóxica e lectura de paramentos do convento de Santa Clara en Pontevedra”. Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá esta contratación.

Resultando.- Que visto que con data 13 de maio de 2025, a Intervención emite o documento RC número 12025000093757, por importe de 385.066,77 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/333.3330.632.03 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que na mesma data, o servizo xestor emite informe complementario no que se corrixe a aplicación orzamentaria con cargo a que se financia dito contrato (CSV: CG3SVE2UL3O9S9B6).

Resultando.- Que con data 18 de xuño de 2025, pola xefa do servizo de xestión do Museo de Pontevedra, emítese informe complementario polo que se corríxen varios aspectos contemplados na providencia (CSV: KSOLIXGL23TFWM4O).

Resultando.- Que tendo en conta que o servizo de Contratación elabora o borrador do prego de cláusulas económico-administrativas particulares e solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Resultando.- Que considerando o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 01 de xullo de 2025 e CSV: 8C5ETSM29PB5ZFEX, e as observacións contidas no mesmo.

Resultando.- Que visto que o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Resultando.- Que con data 07 de xullo de 2025, a Intervención emite o documento RC complementario número 12025000127204, por importe de 1.040,72 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/333.3330.632.03 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 07 de xullo de 2025 e CSV: QXVAKRONJJQATX1S, coas seguintes observacións e recomendacións:

“Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económicoadministrativas particulares recóllense criterios avaliábles mediante xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.



Nos criterios avaliábelles mediante un xuízo de valor, en xeral, debe estar perfectamente definido o que se vai a valorar coa maior concreción posible, de xeito que se facilite o seu coñecemento ás empresas licitadoras e que estas poidan presentar así a súa mellor oferta e, ó mesmo tempo, reducir unha posible discrecionalidade na valoración. Neste caso, no que o peso porcentual destes criterios de xuízos de valor é tan elevado e que, ao mesmo tempo, son un tanto imprecisos, fai difícil a posterior comparación entre as ofertas polo que, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio”

Resultando.- Que tendo en conta que, con data 14 de xullo de 2025, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos. O procedemento de adxudicación elixido é o procedemento aberto atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor calidade-prezo).

Considerando.- Que tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Considerando.- Que tendo en conta o disposto no artigo 131.2 LCSP, a adxudicación realizarase ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo e utilizando o procedemento aberto.

Considerando.- Que tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando.- Que tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2.a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:



1.- Aprobamos o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “servizo de escavación arqueolóxica e lectura de paramentos do convento de Santa Clara en Pontevedra”, polo importe máximo de 386.107,49€, que se desagrega como segue:

Importe total, sen IVE	IVE (21%)	Importe total, co IVE
319.097,10 €	67.010,39 €	386.107,49 €

O valor estimado é de 319.097,10 euros.

O prazo de execución concrétese nos seguintes prazos de execución parciais, en virtude da sucesión das seguintes fases, a contar desde a data de formalización do contrato:

- FASE 1: A remisión do documento definitivo de Proxecto de escavación arqueolóxica e lectura de paramentos do convento de Santa Clara, Pontevedra (2ª fase dos traballos), no prazo máximo é de 15 días hábiles, a contar desde a data de formalización do contrato.

A continuación, a Deputación de Pontevedra remitirá o proxecto de intervención arqueolóxica á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e do Concello de Pontevedra para a súa correspondente autorización.

Dentro deste prazo de execución, non se inclúe o tempo de tramitación administrativa para obter os permisos que sexan necesarios para poder iniciar a intervención arqueolóxica.

- FASE 2: 3 meses para a execución dos traballos de actuación arqueolóxica recollidos no proxecto definitivo de escavación arqueolóxica e lectura de paramentos do convento de Santa Clara, Pontevedra (2ª fase dos traballos).

O adxudicatario disporá dun prazo máximo de 10 días hábiles para o inicio da intervención arqueolóxica, desde a concesión da correspondente autorización da Consellería de Cultura e a preceptiva licenza municipal.

- FASE 3: 3 meses para a presentación dos informes e memorias que resulten preceptivas, de conformidade co establecido no Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Unha memoria é considerada aceptada se a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural non comunica calquera obxección ao autor no prazo de tres meses desde a súa presentación.

En ningún caso entenderase concluída a actividade arqueolóxica autorizada ata a aceptación da devandita memoria técnica pola consellería competente.

Non se prevén prórrogas para esta contratación.

2.- Aprobamos os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: FR3OXE5F0XEM73ZV) e de prescricións técnicas (CSV: YJXXIWIFBNRF5BRY) que rexeiran dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 386.107,49 euros, IVE engadido, con cargo á aplicación orzamentaria 25/333.3330.632.03 do vixente orzamento provincial.

4.- Nomear responsable do contrato a Cruz Farto Justo, xefa de xestión do Museo de Pontevedra ou persoa na que delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, dende a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.



5.35448.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A
ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO
SIMPLIFICADO, DA RENOVACIÓN E SUBMINISTRO DE
LICENCIAMIENTO SOFTWARE DE AUTODESK PARA A DEPUTACIÓN.
(EXPTE.2025032356)

Para que a Deputación de Pontevedra poida exercer as súas competencias segundo o artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta conta cun amplo parque de software que ofrece servizos tanto ao persoal da Institución, como a distintos colectivos e á cidadanía da Provincia.

Unha das ferramentas informáticas que habitualmente utilizan os servizos de Infraestruturas e Vías Provinciais, Arquitectura, Cooperación, Turismo Rías Baixas (arqueólogos), Saim (plan Revitaliza) é a denominada AutoCAD do fabricante Autodesk.

AutoCAD é un software de deseño asistido por computadora recoñecido a nivel internacional polas súas amplas capacidades de edición, que fan posible o debuxo dixital de planos de edificios, e obra civil ou a recreación de imaxes en 3D; é unha das ferramentas informáticas máis usadas por arquitectos, enxeñeiros, deseñadores industriais entre outros.

Destaca a enorme potencia e versatilidade desta ferramenta, xa que integra unha paleta de ferramentas especializadas na industria permiten chegar a múltiples disciplinas como a arquitectura, a enxeñería mecánica e a eléctrica, ou deseño de interiores.

Estas ferramentas dispoñen dun largo historial de uso nesta Administración e hoxe en día encóntranse totalmente integradas no traballo cotián levado a cabo polo persoal.

Por todo elo, o xefe do servizo de Novas tecnoloxías informa que a opción máis beneficiosa para a Deputación de Pontevedra é apostar pola renovación e continuidade de uso dos produtos Autodesk especificados no prego técnico. Sinalando no seu informe, que non lle constan programas CAD de titularidade de outras Administracións que permitan desenrolar os traballos de enxeñería, cartografía e arquitectura cos mesmos requirimentos e necesidades; e que tampouco existen actualmente programas de titularidade doutras Administracións que puideran satisfacer estas necesidades, segundo o previsto no art. 157.3 da Lei 40/2015.

Nesta ocasión non se acudirá ao Sistema de Contratación Centralizada Estatal da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Hacienda xa que o lote 3 (licenzas software de infraestrutura) do AM 13/2018, rematou a súa vixencia.

En base ao exposto, con data 16/05/2025, o xefe do servizo de Novas Tecnoloxías, emite informe no que, co visto e prace do deputado delegado propón a contratación da renovación e subministro do licenciamento do software Autodesk da Deputación de Pontevedra. O contrato proposto ten un prazo de duración de 3 anos (dende o 18 de setembro de 2025 e ata o 17 de setembro de 2028), sen posibilidade de prórrogas, e un orzamento base de licitación de 166.792,14 euros. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.



Tendo en conta que, con data 11/06/2025, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministración, así como a elección do procedemento de adxudicación aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 11/06/2025, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 24/06/2025, co csv 71SYC56LIUMH1VU3.

Visto que con data 25/06/2025 servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 10/07/2025, co csv PVQOKF7A45J4AF6I.

Visto que con data 22/05/2025, a Intervención emite documento de retención de crédito número 12025000097810 polo importe de 55.597,38€, con cargo á aplicación orzamentaria 2025/926.9260.206.00 do vixente orzamento provincial, e documento de retención de crédito para exercicios futuros número 12025000097813 por importe de 55.597,38€, quedando condicionado o gasto para todas as anualidades futuras (2026 e 2027) á aprobación dos seus respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias que serán, no seu caso, a 2026/926.9260.206.00 (55.597,38€) e 2027/926.9260.206.00 (55.597,38€).

Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal califícanse en todo caso como contratos de subministración os que teñen por obxecto a adquisición e o arrendamento de equipos e sistemas de telecomunicacións ou para o tratamento da información, os seus dispositivos e programas, e a cesión do dereito de uso destes últimos, en calquera das súas modalidades de posta a disposición.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación da subministración cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado da “Subministración e renovación do licenciamiento do software Autodesk da Deputación de Pontevedra, na modalidade de software en aluguer ou suscripción (pago por uso), polo importe total (21% de IVE engadido) para tres anos de 166.792,14€.

O prazo de duración será de 3 anos, dende o 18/09/2025 ao 17/09/2028, para todas as licenzas.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 166.792,14 euros.

O valor estimado é de 137.844,75 euros.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: S6SP10UH5PG8GO1Q) e de prescricións técnicas (CSV: 80UTPDOXKFFOPX7L) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 166.792,14€ con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2025	25/926.9260.206.00	55.597,38€
2026	26/926.9260.206.00	55.597,38€
2027	27/926.9260.206.00	55.597,38€

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para os anos 2026 e 2027 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

4.- Nomear responsable do contrato ao, xefe do servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.



6.35449.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE 1-2025 DO ACORDO MARCO DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN (EXPTE.2025043459)

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria celebrada o día 31/05/2024 acordou adxudicar o LOTE 1 do “Acordo marco que regule a contratación das obras de conservación na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, empresa Francisco Gomez y Cia, S.L., a cal ofertou unha porcentaxe de baixa do 8,87%. O contrato formalizouse o 04/07/2024 cunha duración de un ano.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión ordinaria do día 30/05/2025 acordou aprobar a primeira prórroga por período de un ano, do Lote 1 do Acordo marco que regula a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, ata o 04/07/2026.

Resultando.- Que atendendo ás necesidades actuais do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e ante a falta de recursos propios suficientes, no que ao obxecto do Acordo marco se refire, propónse a tramitación do presente contrato derivado para levar a cabo obras de reparación de firme para mellorar a seguridade viaria na rede de estradas da Deputación de Pontevedra.

Resultando.- Que con este contrato relativo ao Lote 1 quérese actuar en estradas provinciais dos concellos de Vila de Cruces, Agolada, Lalín, Rodeiro e Dozón, nos cales se fai necesario obras de reparacións varias para mellorar a seguridade vial.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e concisa o obxecto das necesidades anteriormente sinalada, redactouse polo enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Paredes Rodríguez, memoria valorada, para a execución do “Contrato derivado LOTE 1-2025 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, cun orzamento base de licitación, unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista de 649.941,09€ IVE incluído. A esta memoria valorada asignóuselle o código (CSV): XOSMUK0MITWKJKM8.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o “Contrato derivado LOTE 1-2025 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que na aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gastos código 2023036794/1, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, estando retido mediante documento RC nº 12025000124265.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: XJA9HTT2CZUI3WIL de fiscalización da xefa do Servizo de fiscalización, recollendo o seguinte: “...infórmase favorablemente o expediente...”

Considerando.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos derivados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.



Considerando.- Que a cláusula 18.1 do PCAP que rexe nesta contratación recolle, en relación ó procedemento de adxudicación dos contratos derivados baseados no Acordo Marco, que o obxecto do contrato realizárase mediante a aprobación do proxecto, que estará composto polo Prego de Prescricións Técnicas do acordo marco aprobado co expediente de contratación, máis a memoria valorada coa que se conforma o contrato derivado.

Considerando.- Que a cláusula 11 do PCAP establece no referente ás garantías, que o seu importe será do 5% do prezo de adxudicación de cada contrato derivado, excluído o IVE, debendo ser acreditada a súa constitución dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación da adxudicación do correspondente contrato derivado.

Considerando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 31 de maio de 2024, acordou delegar na Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos e adxudicación dos contratos baseados deste Acordo Marco.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto de execución do Contrato derivado LOTE 1-2025 do “Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, formado polo prego de prescricións técnicas ó que se lle asignou un código (CSV) TY4DH5VUMCI8AOZN, mais a memoria valorada á que se lle asignou un código (CSV): XOSMUK0MITWKJ8.
2. Autorizar o gasto por importe de 649.941,09 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gastos código 2023036794/1.
3. Adxudicar o Contrato derivado LOTE 1-2025 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra” á empresa FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL (CIF B15009533), por importe de 649.941,09 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	537.141,40 €
IVE (21 %).....	112.799,69 €
Importe total.....	649.941,09 €

O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2025043459.

Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

4. Requisir a Francisco Gomez y Cia SL (CIF B15009533), para que no prazo de DEZ DIÁS HÁBILES, a contar desde o día seguinte á notificación do presente acordo, constitúa na Tesourería da Deputación, garantía definitiva por importe de 26.857,07 €.
5. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Paredes Rodríguez.

7.35450.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE 2-2025 DO ACORDO MARCO DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN (EXPTE.2025043465)

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria celebrada o día 31/05/2024 acordou adxudicar o LOTE 2, do “Acordo marco de obras de conservación na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, á empresa MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., a cal ofertou unha porcentaxe de baixa do 9,50%. O contrato formalizouse o día 26/06/2024 cunha duración de un ano.

Resultando.- Que o mesmo órgano, na súa sesión ordinaria do día 30/05/2025 acordou aprobar a primeira prórroga por período de un ano, do Lote 2 do Acordo marco que regula a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, ata o 26/06/2026.

Resultando.- Que atendendo ás necesidades actuais do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e ante a falta de recursos propios suficientes, no que ao obxecto do Acordo marco se refire, propónse a tramitación do presente contrato derivado para levar a cabo obras de reparación de firme para mellorar a seguridade viaria na rede de estradas da Deputación de Pontevedra.

Resultando.- Que con este contrato relativo ao Lote 2 quérese actuar en estradas provinciais dos concellos Silleda, A Estrada, Forcarei, Caldas de Reis e Cuntis, nos cales se fai necesario obras de reparacións varias para mellorar a seguridade vial. O obxecto do presente proxecto é actuar nos viais que se detallan a continuación e que forman parte do Lote 2 do acordo marco de conservación de firmes, onde se realizarán dous tipos de actuacións.



Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e concisa o obxecto das necesidades anteriormente sinalada, redactouse polo enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Paredes Rodríguez, memoria valorada, para a execución do “Contrato derivado LOTE 2-2025 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, cun orzamento base de licitación, unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista de 873.265,60 € IVE incluído. A esta memoria valorada asináuselle o código (CSV): QXEAPJDOUNK17BT4.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o “*Contrato derivado LOTE 2-2025 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*”.

Resultando.- Que na aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gastos código 2023036794/2, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, estando retido mediante documento RC nº 12025000124269.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: FFF7VNF7M2UKB7KW de fiscalización da xefa do Servizo de fiscalización, recollendo o seguinte: “...infórmase favorablemente o expediente...”

Considerando.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos derivados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Considerando.- Que a cláusula 18.1 do PCAP que rexe nesta contratación recolle, en relación ó procedemento de adxudicación dos contratos derivados baseados no Acordo Marco, que o obxecto do contrato realizárase mediante a aprobación do proxecto, que estará composto polo Prego de Prescricións Técnicas do acordo marco aprobado co expediente de contratación, máis a memoria valorada coa que se conforma o contrato derivado.

Considerando.- Que a cláusula 11 do PCAP establece no referente ás garantías, que o seu importe será do 5% do prezo de adxudicación de cada contrato derivado, excluído o IVE, debendo ser acreditada a súa constitución dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación da adxudicación do correspondente contrato derivado.

Considerando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 31 de maio de 2024, acordou delegar na Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos e adxudicación dos contratos baseados deste Acordo Marco.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto de execución do Contrato derivado LOTE 2-2025 do Acordo marco de “*Obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*”, formado polo prego de prescricións técnicas ó que se lle asignou un código (CSV) TY4DH5VUMCI8AOZN, mais a memoria valorada á que se lle asignou un código (CSV): QXEAPJDOUNK17BT4.



2. Autorizar o gasto por importe de 873.265,60 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gastos código 2023036794/2.
3. Adxudicar o Contrato derivado LOTE 2-2025 do Acordo marco de “*Obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*” á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L (CIF B36533537), por importe de 873.281,10 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	721.707,11 €
IVE (21 %).....	151.558,49 €
Importe total.....	873.265,60 €

O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2025043465.

Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

4. Requerir a *Movimientos de Aridos y Construcciones de Arosa, S.L.*, para que no prazo de DEZ DIÁS HÁBILES, a contar desde o día seguinte á notificación do presente acordo, constitúa na Tesourería da Deputación, garantía definitiva por importe de 36.085,35 €.
5. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Paredes Rodríguez.



8.35451.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE 3-2025 DO ACORDO MARCO DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN (EXPTE.2025043467)

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria celebrada o día 31/05/2024 acordou adxudicar o LOTE 3, do “Acordo marco de obras de conservación na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., a cal ofertou unha porcentaxe de baixa do 13,40%. O contrato formalizouse o día 26/06/2024 cunha duración de un ano.

Resultando.- Que o mesmo órgano, na súa sesión ordinaria do día 30/05/2025 acordou aprobar a primeira prórroga por período de un ano, do Lote 3 do Acordo marco que regula a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, ata o 26/06/2026.

Resultando.- Que atendendo ás necesidades actuais do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e ante a falta de recursos propios suficientes, no que ao obxecto do Acordo marco se refire, propónse a tramitación do presente contrato derivado para levar a cabo obras de reparación de firme para mellorar a seguridade viaria na rede de estradas da Deputación de Pontevedra.

Resultando.- Que con este contrato relativo ao Lote 3 quérese actuar en estradas provinciais dos concellos de Barro, Poio, Caldas de Reis, Portas, Cambados, O Grove, Sanxenxo, Meaño, Meis, Ribadumia, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa e Illa de Arousa, nos cales se fai necesario obras de reparacións varias para mellorar a seguridade vial.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e concisa o obxecto das necesidades anteriormente sinalada, redactouse pola enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Belén Pampin Camino, memoria valorada, para a execución do “Contrato derivado LOTE 3-2025 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, cun orzamento base de licitación, unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista de 636.298,74 € IVE incluído. A esta memoria valorada asignóuselle o código (CSV): HJNGG6DJPWPL9GCV.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o “Contrato derivado LOTE 3-2025 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que na aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gastos código 2023036794/3, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, estando retido mediante documento RC nº 12025000124271.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: REG6VNBKWIQLI0H5 informe de fiscalización da xefa do Servizo de fiscalización, recollendo o seguinte: “...infórmase favorablemente o expediente...”

Considerando.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos derivados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.



Considerando.- Que a cláusula 18.1 do PCAP que rexe nesta contratación recolle, en relación ó procedemento de adxudicación dos contratos derivados baseados no Acordo Marco, que o obxecto do contrato realizárase mediante a aprobación do proxecto, que estará composto polo Prego de Prescricións Técnicas do acordo marco aprobado co expediente de contratación, máis a memoria valorada coa que se conforma o contrato derivado.

Considerando.- Que a cláusula 11 do PCAP establece no referente ás garantías, que o seu importe será do 5% do prezo de adxudicación de cada contrato derivado, excluído o IVE, debendo ser acreditada a súa constitución dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación da adxudicación do correspondente contrato derivado.

Considerando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 31 de maio de 2024, acordou delegar na Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos e adxudicación dos contratos baseados deste Acordo Marco.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto de execución do Contrato derivado LOTE 3-2025 do “*Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*”, formado polo prego de prescricións técnicas ó que se lle asignou un código (CSV) TY4DH5VUMCI8AOZN, mais a memoria valorada á que se lle asignou un código (CSV): HJNGG6DJPWPL9GCV.
2. Autorizar o gasto por importe de 639.298,74 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto nº 2023036794/3.
3. Adxudicar o Contrato derivado LOTE 3-2025 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra” á empresa CONSTRUCCIONES FECHI SL (CIF B36258861) por importe de 636.298,74 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	525.866,73 €
IVE (21 %).....	110.432,01 €
Importe total.....	636.298,74 €

O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2025043467.

Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

4. Requirir a *Construcciones Fechi, S.L.*, para que no prazo de DEZ DIÁS HÁBILES, a contar desde o día seguinte á notificación do presente acordo, constitúa na Tesourería da Deputación, garantía complementaria por importe de 26.293,37€.
5. Nomear director de á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Belén Pampín Camino.

9.35452.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE 4-2025 DO ACORDO MARCO DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN (EXPTE.2025046027)

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria celebrada o día 31/05/2023 acordou adxudicar o LOTE 4, do “Acordo marco de obras de conservación na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, á empresa *Construccions Obras E Vías, S.A.*, a cal ofertou unha porcentaxe de baixa do 15,80%.

Resultando.- Que o mesmo órgano, na súa sesión ordinaria do día 30/05/2025 acordou aprobar a primeira prórroga por período de un ano, do Lote 4 do Acordo marco que regula a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, ata o 26/06/2026.

Resultando.- Que atendendo ás necesidades actuais do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e ante a falta de recursos propios suficientes, no que ao obxecto do Acordo marco se refire, propónse a tramitación do presente contrato derivado para levar a cabo obras de reparación de firme para mellorar a seguridade viaria na rede de estradas da Deputación de Pontevedra.

Resultando.- Que con este contrato relativo ao Lote 4 quérese actuar en estradas provinciais dos concellos de Pontevedra, Vilaboa, A Lama, Cotobade-Cerdedo, Poio, Cangas, Moaña, Bueu, Redondela, Moraña y Campo Lameiro, nos cales se fai necesario obras de reparacións varias para mellorar a seguridade vial.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e concisa o obxecto das necesidades anteriormente sinalada, redactouse pola enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Belén Pampín Camino, memoria valorada, para a execución do “Contrato derivado LOTE 4-2025 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, cun orzamento base de licitación, unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista de 873.684,59 € IVE incluído. A esta memoria valorada asignóuselle o código (CSV): CK73YQL6UT834YYE.



Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o “*Contrato derivado LOTE 4/2025 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*”.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC 12025000129376., por importe 873.684,59 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01, existindo crédito autorizado para facer fronte a este gasto dentro do proxecto de gasto nº 2023036794/4.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: HRSY41UUKYNVZNCO de fiscalización da xefa do Servizo de fiscalización, recollendo o seguinte: “...infórmase favorablemente o expediente...”

Considerando.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos derivados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Considerando.- Que a cláusula 18.1 do PCAP que rexe nesta contratación recolle, en relación ó procedemento de adxudicación dos contratos derivados baseados no Acordo Marco, que o obxecto do contrato realizárase mediante a aprobación do proxecto, que estará composto polo Prego de Prescricións Técnicas do acordo marco aprobado co expediente de contratación, máis a memoria valorada coa que se conforma o contrato derivado.

Considerando.- Que a cláusula 11 do PCAP establece no referente ás garantías, que o seu importe será do 5% do prezo de adxudicación de cada contrato derivado, excluído o IVE, debendo ser acreditada a súa constitución dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación da adxudicación do correspondente contrato derivado.

Considerando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 31 de maio de 2024, acordou delegar na Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos e adxudicación dos contratos baseados deste Acordo Marco.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto de execución do “*Contrato derivado LOTE 4-2025 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*”, formado polo prego de prescricións técnicas ó que se lle asignou un código (CSV) TY4DH5VUMCI8AOZN, máis a memoria valorada á que se lle asignou un código (CSV): CK73YQL6UT834YYE.
2. Autorizar o gasto por importe de 873.648,59 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01 , dentro do proxecto de gasto nº 2023036794/4.



3. Adxudicar o Contrato derivado LOTE 4-2025 do Acordo marco de “*Obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*” á empresa CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A. (CIF A36008886) por importe de 873.693,17 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	722.053,38 €
IVE (21 %).....	151.631,21 €
Importe total.....	873.684,59 €

O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2025046027.

Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

4. Requirir a *Construcciones Obras Y Viales S.A.* para que no prazo de DEZ DIÁS HÁBILES, a contar desde o día seguinte á notificación do presente acordo, constitúa na Tesourería da Deputación, garantía definitiva por importe de 36.102,67 €.
5. Nomear directora de obra á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Belén Pampín Camino.

10.35453.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE 5-2025 DO ACORDO MARCO DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN (EXPTE.2025043468)

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria celebrada o día 31/05/2024 acordou adxudicar o LOTE 5, do “Acordo marco de obras de conservación na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L., a cal ofertou unha porcentaxe de baixa do 11,10%. O contrato formalizouse o día 28/06/2024 cunha duración de un ano.



Resultando.- Que o mesmo órgano, na súa sesión ordinaria do día 30/05/2025 acordou aprobar a primeira prórroga por período de un ano, do Lote 5 do Acordo marco que regula a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, ata o 28/06/2026.

Resultando.- Que atendendo ás necesidades actuais do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e ante a falta de recursos propios suficientes, no que ao obxecto do Acordo marco se refire, propónse a tramitación do presente contrato derivado para levar a cabo obras de reparación de firme para mellorar a seguridade viaria na rede de estradas da Deputación de Pontevedra.

Resultando.- Que con este contrato relativo ao Lote 5 quérese actuar en estradas provinciais dos concellos de Pontearreas, Salvaterra do Miño, As Neves, Mondariz, A Cañiza, Covelo, nos cales se fai necesario obras de reparacións varias para mellorar a seguridade vial.

Resultando.- Que por unha banda, haberá estradas nas que se vai proceder ao fresado do firme para despois repor a capa de rodadura; e por outra, haberá estradas nas que se executará unha capa de microaglomerado en frío. Procederase á reposición da sinalización horizontal en tódalas actuacións nas que sexa necesario.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e concisa o obxecto das necesidades anteriormente sinalada, redactouse pola enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona María Elena Pérez Alonso, memoria valorada, para a execución do “Contrato derivado LOTE 5-2025 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, cun orzamento base de licitación, unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista de 724.406,32 € IVE incluído. A esta memoria valorada asináuselle o código (CSV): HAP7VR6C1I2WZE9T.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o “Contrato derivado LOTE 5-2025 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que na aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gastos código 2023036794/5, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, estando retido mediante documento RC nº 12025000124273.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: AGUMYQ8Y83G2ISX4 de fiscalización da xefa do Servizo de fiscalización, recollendo o seguinte: “...infórmase favorablemente o expediente...”

Considerando.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos derivados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.



Considerando.- Que a cláusula 18.1 do PCAP que rexeu nesta contratación recolle, en relación ó procedemento de adxudicación dos contratos derivados baseados no Acordo Marco, que o obxecto do contrato realizárase mediante a aprobación do proxecto, que estará composto polo Prego de Prescricións Técnicas do acordo marco aprobado co expediente de contratación, máis a memoria valorada coa que se conforma o contrato derivado.

Considerando.- Que a cláusula 11 do PCAP establece no referente ás garantías, que o seu importe será do 5% do prezo de adxudicación de cada contrato derivado, excluído o IVE, debendo ser acreditada a súa constitución dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación da adxudicación do correspondente contrato derivado.

Considerando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 31 de maio de 2024, acordou delegar na Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos e adxudicación dos contratos baseados deste Acordo Marco.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto de execución do “*Contrato derivado LOTE 5-2025 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*”, formado polo prego de prescricións técnicas ó que se lle asignou un código (CSV) TY4DH5VUMCI8AOZN, máis a memoria valorada á que se lle asignou un código (CSV): HAP7VR6C1I2WZE9T.
2. Autorizar o gasto por importe de 724.406,32 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gastos código 2023036794/5.
3. Adxudicar o Contrato derivado LOTE 5-2025 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra" á empresa CONSTRUCCIONES E.C CASAS SL (CIF B36147429) por importe de 724.406,32 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	598.682,91 €
IVE (21 %).....	125.723,41 €
Importe total.....	724.406,32 €

O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2025043468.

Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

4. Requerir a *Construcciones E.C Casas Sl.* para que no prazo de DEZ DIÁS HÁBILES, a contar desde o día seguinte á notificación do presente acordo, constitúa na Tesourería da Deputación, garantía definitiva por importe de 29.934,14 €.
5. Nomear directora de obra á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona María Elena Pérez Alonso.

11.35454.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE 6-2025 DO ACORDO MARCO DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN (EXPTE.2025046934)

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria celebrada o día 31/05/2024 acordou adxudicar o LOTE 6, do “Acordo marco de obras de conservación na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, á empresa NAROM, S.L. a cal ofertou unha porcentaxe de baixa do 9,49%. O contrato formalizouse o día 26/06/2024 cunha duración de un ano.

Resultando.- Que o mesmo órgano, na súa sesión ordinaria do día 30/05/2025 acordou aprobar a primeira prórroga por período de un ano, do Lote 6 do Acordo marco que regula a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, ata o 26/06/2026

Resultando.- Que atendendo ás necesidades actuais do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e ante a falta de recursos propios suficientes, no que ao obxecto do Acordo marco se refire, propónse a tramitación do presente contrato derivado para levar a cabo obras de reparación de firme para mellorar a seguridade viaria na rede de estradas da Deputación de Pontevedra.

Resultando.- Que con este contrato relativo ao Lote 6 quérese actuar en estradas provinciais dos concellos de Vigo, Baiona, Gondomar, Salceda de Caselas, Redondela, Tui, Tomiño, O Rosal, nos cales se fai necesario obras de reparacións varias para mellorar a seguridade vial.



Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e concisa o obxecto das necesidades anteriormente sinalada, redactouse pola enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona María Elena Pérez Alonso, memoria valorada, para a execución do “Contrato derivado LOTE 6-2025 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, cun orzamento base de licitación, unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista de 684.889,72 € IVE incluído. A esta memoria valorada asignóuselle o código (CSV): VIII8XNOSEA5SCIJ.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o “*Contrato derivado LOTE 6-2025 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*”.

Resultando.- Que na aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gastos código 2023036794/6, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, estando retido mediante documento RC nº 12025000124353.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: WJXPWRNGFG1Z9RN0 informe da Intervención de fiscalización do expediente, que recolle o seguinte: “...infórmase favorablemente o expediente...”

Considerando.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos derivados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Considerando.- Que a cláusula 18.1 do PCAP que rexe nesta contratación recolle, en relación ó procedemento de adxudicación dos contratos derivados baseados no Acordo Marco, que o obxecto do contrato realizárase mediante a aprobación do proxecto, que estará composto polo Prego de Prescricións Técnicas do acordo marco aprobado co expediente de contratación, máis a memoria valorada coa que se conforma o contrato derivado.

Considerando.- Que a cláusula 11 do PCAP establece no referente ás garantías, que o seu importe será do 5% do prezo de adxudicación de cada contrato derivado, excluído o IVE, debendo ser acreditada a súa constitución dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación da adxudicación do correspondente contrato derivado.

Considerando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 31 de maio de 2024, acordou delegar na Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos e adxudicación dos contratos baseados deste Acordo Marco.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto de execución do “*Contrato derivado LOTE 6-2025 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*”, formado polo prego de prescricións técnicas ó que se lle asignou un código (CSV) TY4DH5VUMCI8AOZN, mais a memoria valorada á que se lle asignou un código (CSV): VIII8XNOSEA5SCIJ.



2. Autorizar o gasto por importe de 684.889,72 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gastos código 2023036794/6.
3. Adxudicar á empresa NAROM, S.L., (CIF B36163418) o Contrato derivado LOTE 6-2025 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra” por importe unha vez ampliado o porcentaxe de baixa de 684.889,72 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	566.024,56 €
IVE (21 %).....	118.865,16 €
Importe total.....	684.889,72 €

O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gastos cód. nº 2023036794/6.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2025046934.

Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

4. Requirir a *Narom, S.L.*, para que no prazo de DEZ DIÁS HÁBILES, a contar desde o día seguinte á notificación do presente acordo, constitúa na Tesourería da Deputación, garantía definitiva por importe de 28.301,23 €.
5. Nomear directora de obra á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona María Elena Pérez Alonso.



12.35455.- AUTORIZACIÓN DO PROXECTO REFORMULADO DO INVESTIMENTO “MELLORA DO ACCESO Á ESCOLA DO OUTEIRO, CAMIÑO DA GALERIÑA, NESPEREIRA” INCLUÍDO NO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS- CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN (EXPTE.2025019805)

ANTECEDENTES:

- Mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 11.35246, de 23/05/2025, concedéuselle ao Concello de Pazos de Borbén, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, unha subvención por importe de 67.044,43 euros co obxecto do financiamento do investimento “Mellora do acceso a escola do Outeiro, camiño da Galeríña, Nespereira” (2025019805), cuxo orzamento para coñecemento da administración ascendía ao mesmo importe (62.083,43 euros de execución de obra e 4.961,00 de asistencias técnicas á redacción do proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde).
- Resultando que, nos actos administrativos previos á licitación do investimento arriba referido, o Concello de Pazos de Borbén detecta un erro no sumatorio dos costes directos incluídos no proxecto técnico, e, en data 30/06/2025, con núm. de rexistro 2025048722, achega un proxecto reformulado e solicita a súa tramitación.
- O proxecto reformulado do investimento “Mellora do acceso a escola do Outeiro, camiño da Galeríña, Nespereira” (2025019805), que corrixe un erro padecido na redacción, non varía a tipoloxía inicialmente aprobada, non supón alteración orzamentaria con respecto do proxecto inicial e non da lugar a variacións no importe da subvención.
- Subliñar que, a petición do Concello de Pazos de Borbén relativa á reformulación do proxecto técnico sen variar a tipoloxía inicialmente aprobaba, cumpre os requisitos que establece a base reguladora 29ª do Plan + Provincia 2025, contando con informe favorable dos facultativos técnicos da Deputación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025.



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Base reguladora 15ª do Plan + Provincia 2025 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

PROCEDENCIA DA REFORMULACIÓN

- Base 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025, que dispón con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión e antes de que se inicie a licitación do proxecto subvencionado e sempre que non se prexudiquen intereses de terceiras persoas, poderase solicitar unha modificación do acordo ou da resolución de concesión pola necesidade de reformular o proxecto sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada, sendo un dos motivos que dan lugar á reformulación a necesidade de corrixir o proxecto por erros ou omisións padecidos na redacción.

Se a reformulación do proxecto técnico, sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada, non supón unha variación orzamentaria con respecto ao proxecto inicial, o órgano competente da Deputación aprobará o proxecto reformulado sen modificar o contido económico da resolución ou do acordo de concesión.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 04/07/2025, e do Xefe do servizo de Cooperación Municipal, da mesma data, que conclúen favorablemente a tramitación do proxecto reformulado, e do informe da Intervención provincial, de data 08/07/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto reformulado do investimento “*Mellora do acceso á Escola do Outeiro, Camiño da Galería, Nespereira*” (2025019805), incluído no Plan + Provincia 2025-Líña 1-investimentos. O proxecto reformulado, que corrixen un erro aritmético padecido na súa redacción, non altera a tipoloxía inicialmente aprobada, non supón unha variación do orzamento nin da subvención concedida.



- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Pazos de Borbén*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

13.35456.- PRESTAR CONFORMIDADE AO PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO DENOMINADO “INSTALACIÓN DE SKATEPARK E PISTA MULTIDEPORTIVA EN SILLEDA” DO CONCELLO DE SILLEDA, INCLUÍDO NO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (EXPTE.2024019595)

ANTECEDENTES

- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria do 15/12/2023, mediante o acordo núm. 2.33272 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 245, do 22/12/2023.
- O financiamento deste plan ascende a catro millóns (4.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2025/942.3420.762.95.2023.
- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrència non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2022).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023009897 de data 22/12/2023 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Silleda o importe que lle corresponde é de 64.029,42 €.
- Mediante o acordo núm. 16.33708 de 26/04/2024 da Xunta de Goberno da Corporación Provincial concedeuse unha subvención por importe de 64.029,42 € ao Concello de Silleda, con destino ao financiamento do investimento denominado “Instalación de Skatepark e pista Multideportiva en Silleda”, cun orzamento de 64.029,42 € (57.979,42 € de execución de obra e 6.050,00 € de honorarios).
- Na data 16/06/2025 o Concello de Silleda presenta unha solicitude (núm. rexistro WEB2025045776) de modificación do proxecto do citado investimento, no que se diminúe o orzamento orixinal de 64.029,42 € (57.979,42 € de execución de obra e 6.050,00 € de honorarios) a 41.572,89 € (35.522,89 € de execución de obra e 6.050,00 €), por tanto, resultando o importe de adxudicación do modificado en 33.286,35 €, o que supón unha redución orzamentaria do 38,73 %. A documentación achegada foi completada en datas posteriores.
- O novo proxecto conta co informe de supervisión favorable do xefe dos Servizos Técnicos de Cooperación de data 18/06/2025 (CSV: 3TLTVXG241ZD56YN).
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos na base reguladora 24ª do PEID.
- O 24/06/2025 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a solicitude de modificado do proxecto (CSV: 5OZZKZDSNH2J4PTJ) e o 04/07/2025 a Intervención provincial informa favorablemente (CSV: YC09CGJUN1Q9QH6P).



FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do PEID, que indica que lle corresponde ó xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

MODIFICACIÓN DE PROXECTO

- Base reguladora 24ª do PEID, relativa á modificación de proxectos e excesos de medición.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.



CONCLUSIÓN

Visto que o concello de O Silleda presentou en prazo e forma a documentación necesaria para prestar a conformidade ao proxecto modificado do investimento denominado “Instalación de Skatepark e Pista Multideportiva en Silleda”, ao abeiro do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas.

Visto que o Concello tramitou o oportuno expediente motivado pola necesidade de dar resposta a imprevistos xurdidos durante a execución das obras. Estes cambios limitanse a axustes en unidades de obra e non alteran a finalidade da subvención, polo tanto non poden considerarse substanciais.

Visto que o proxecto modificado diminúe o orzamento respecto ao proxecto orixinal nun 38,73 %, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 18/06/2025.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Prestar conformidade ao proxecto técnico modificado da actuación denominada “Ampliación e mellora de accesibilidade do pavillón municipal” presentado polo Concello de Silleda ao abeiro do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento a prezo de adxudicación de 33.286,35 € e 6.050,00 € de honorarios técnicos, en total 39.336,35 €.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello do Silleda*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

14.35457.- ACEPTACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO PROXECTO DENOMINADO “MELLORA DA XESTIÓN DA AUGA NO ÁMBITO RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA A TRAVÉS DO EMPODERAMENTO, APOIO E POSTA EN VALOR DAS COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGA”; DENTRO DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ACCIÓNS PARA O IMPULSO DA AXENDA 2030 NAS ENTIDADES LOCAIS, NO MARCO DA ORDE DSA/632/2022, DO 23 DE XUÑO (EXPTE.2024050131)

No expediente consta o informe do xefe do Servizo de Cooperación, que literalmente se transcribe:

“Á vista da resolución de concesión de axudas da Secretaría de Estado para a Axenda 2030 na que se autoriza a modificación do prazo de execución das actuacións obxecto de axuda do proxecto denominado “Mellora da xestión da auga no ámbito rural da provincia de Pontevedra a través do apoderamento, apoio e posta en valor das comunidades de usuarios de auga” e co obxecto de aceptar a Resolución do director xeral da Axenda 2030, con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2025013950 e con data de 3 de xullo de 2025, o xefe do Servizo de Cooperación emite o seguinte:

I. ANTECEDENTES

- O 22 de xullo de 2024 preséntase no rexistro electrónico do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 o proxecto denominado “Mellora da xestión da auga no ámbito rural da provincia de Pontevedra a través do apoderamento, apoio e posta en valor das comunidades de usuarios de auga”, dentro do programa de subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas entidades locais, no marco da Orde DSA/632/2022, de 23 de xuño, ao que se lle asigna o número de rexistro REGAGE24e00055208852.



- O 15 de novembro de 2024 publícase no portal web do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 a Resolución de concesión da Secretaría de Estado para a Axenda 2030 das subvencións concedidas, por concorrencia competitiva, destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas entidades locais correspondente a 2024. Nesta resolución concédeselle unha subvención á Deputación de Pontevedra para executar o proxecto denominado “Mellora da xestión da auga no ámbito rural da provincia de Pontevedra a través do apoderamento, apoio e posta en valor das comunidades de usuarios de auga” por importe de 248.810,00 euros, cuxo orzamento total é de 277.810,00 euros.
- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do 20 de decembro de 2024, adoptou, entre outros, o acordo número 7.34495, de aceptación das axudas concedidas polo Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 para a posta en marcha do proxecto denominado “Mellora da xestión da auga no ámbito rural da provincia de Pontevedra a través do apoderamento, apoio e posta en valor das comunidades de usuarios de auga”, dentro do programa de subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas entidades locais, no marco da Orde DSA/632/2022, de 23 de xuño (expte. 2024050131).
- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do 30 de maio de 2025, adoptou, entre outros, o acordo núm. 24.35290 de Solicitud ao Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2023 de ampliación do prazo de execución das actuacións obxecto de axuda do proxecto denominado “Mellora da xestión da auga no ámbito rural da provincia de Pontevedra a través do apoderamento, apoio e posta en valor das comunidades de usuarios de auga” (expte. 2024050131).
- O 11 de xuño de 2025, con número de rexistro REGAGE25e00050920609 e ao abeiro do artigo 15.2 da Orde DSA/632/2022, de 23 de xuño, a Deputación de Pontevedra solicita ante o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 a modificación do prazo de execución das actuacións obxecto da axuda debido ás seguintes circunstancias:
 - Dificultades para conformar o equipo encargado de realizar as tarefas propiamente ditas do proxecto “Mellora da xestión da auga no ámbito rural da provincia de Pontevedra a través do apoderamento, apoio e posta en valor das comunidades de usuarios de auga”.
- O 3 de xullo de 2025, con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2025013950, recíbese a autorización de ampliación do prazo de execución do director xeral da Axenda 2030, na que acepta a ampliación de prazo solicitada por 6 meses, polo que o prazo de execución do proxecto subvencionado queda establecido desde o 16 de novembro de 2024 ata o 18 de maio de 2026.
- Esta ampliación de prazo non supón unha modificación da subvención concedida nin modifica o proxecto subvencionado.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Orde DSA/632/2022, de 23 de xuño, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas entidades locais (BOE núm. 161) e Resolución do 23 de marzo de 2022 da Secretaría de Estado para a Axenda 2030 pola que se convocan subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas entidades locais (BOE núm. 74).
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).



- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).*
- *Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).*
- *Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- *De conformidade co previsto no artigo 15.2 da Orde DSA/632/2022, as entidades beneficiarias poderán solicitar, con carácter excepcional, a modificación do contido da actuación subvencionada, así como da forma e dos prazos da súa execución e xustificación dos correspondentes gastos, cando aparezan circunstancias que alteren ou dificulten o desenvolvemento da actuación, que poderán ser autorizadas sempre que non poidan afectar os obxectivos ou finalidade perseguidos pola axuda, os seus aspectos fundamentais nin danen dereitos de terceiras persoas.*
- *De conformidade co artigo 64 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, unha vez recaída a resolución de concesión, a persoa beneficiaria poderá solicitar a modificación do seu contido se concorren as circunstancias previstas para tales efectos nas bases reguladoras, tal e como se establece no artigo 17.3.l da lei, que se poderá autorizar sempre que non se danen dereitos de terceiras persoas. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para realizar a actividade.*
- *Tendo en conta o artigo 32 da LPACAP, no que se indica que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento das persoas interesadas unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade destes, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiras persoas. O acordo de ampliación deberá notificárselles ás persoas interesadas. Tanto a petición destas como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate.*
- *Segundo o artigo 34.1.f da LRBRL, a competencia para realizar os trámites de aceptación e aprobar as condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10 % dos recursos ordinarios do Orzamento, ou á Xunta de Goberno.*
- *Segundo o artigo 36.1.d da LRBRL, no que se establece que é competencia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.*

Petición e evacuación de informes

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto desta.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, no que se dispón que o xefe da dependencia á que lle corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, no que expoña os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*
- *Artigos 213 e seguintes do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*
- *Bases 47.^a e 48.^a das de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, nas que sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.*



- *Artigo 24 da LXS, no que se establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

Resolución do expediente

- *Segundo o artigo 5 da Orde DSA/632/2022, a presentación da solicitude e demais documentación que se determine na convocatoria deberá facerse unicamente mediante medios electrónicos, a través da aplicación informática específica que se estableza na convocatoria.*
- *De conformidade co previsto no artigo 15.2 da Orde DSA/632/2022, as entidades beneficiarias poderán solicitar, con carácter excepcional, a modificación do contido da actuación subvencionada, así como da forma e prazos da súa execución e xustificación dos correspondentes gastos, cando aparezan circunstancias que alteren ou dificulten o desenvolvemento da actuación, que poderán ser autorizadas sempre que non poidan afectar os obxectivos ou finalidade perseguidos pola axuda, os seus aspectos fundamentais nin danen dereitos de terceiras persoas.*
- *En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL e no 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*

III. CONCLUSIÓNS

- *O 22 de xullo de 2024 preséntase no rexistro electrónico do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 o proxecto denominado “Mellora da xestión da auga no ámbito rural da provincia de Pontevedra a través do apoderamento, apoio e posta en valor das comunidades de usuarios de auga”, dentro do programa de subvencións destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas entidades locais, no marco da Orde DSA/632/2022, de 23 de xuño, ao que se lle asigna o número de rexistro REGAGE24e00055208852.*
- *O 15 de novembro de 2024 publícase no portal web do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 a Resolución de concesión da Secretaría de Estado para a Axenda 2030 das subvencións concedidas, por concorrência competitiva, destinadas a accións para o impulso da Axenda 2030 nas entidades locais, correspondente a 2024. Nesta resolución concédese unha subvención á Deputación de Pontevedra para executar o proxecto denominado “Mellora da xestión da auga no ámbito rural da provincia de Pontevedra a través do apoderamento, apoio e posta en valor das comunidades de usuarios da auga”, por importe de 248.810,00 euros, cuxo orzamento total é de 277.810,00 euros.*
- *A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do 30 de maio de 2025, adoptou, entre outros, o acordo núm. 24.35290 de Solicitude ao Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 de ampliación do prazo de execución das actuacións obxecto de axuda do proxecto denominado “Mellora da xestión da auga no ámbito rural da provincia de Pontevedra a través do apoderamento, apoio e posta en valor das comunidades de usuarios de auga” (expdte. 2024050131).*
- *O 11 de xuño de 2025, con número de rexistro REGAGE25e00050920609 e ao abeiro do artigo 15.2 da Orde DSA/632/2022, de 23 de xuño, a Deputación de Pontevedra solicita ante o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 a modificación do prazo de execución das actuacións obxecto da axuda, debido á dificultade para conformar o equipo encargado de realizar as tarefas propiamente ditas do proxecto.*
- *O 3 de xullo de 2025 e con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra núm. 2025013950 recíbese a autorización de ampliación do prazo de execución do director xeral da Axenda 2030, na que acepta a ampliación de prazo solicitada por 6 meses, polo que o prazo de execución do proxecto subvencionado queda establecido desde o 16 de novembro de 2024 ata o 18 de maio de 2026.*



Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta para o proxecto “Mellora da xestión da auga no ámbito rural da provincia de Pontevedra a través do apoderamento, apoio e posta en valor das comunidades de usuarios de auga”, é necesario realizar a aceptación por parte da Deputación de Pontevedra da autorización de ampliación do prazo de execución do proxecto da subdirectora xeral de Análises e Estratexia da Axenda 2030, na que resolve autorizar a ampliación do prazo de execución do proxecto por 6 meses, polo que o prazo de execución do proxecto subvencionado queda establecido desde o 16 de novembro de 2024 ata o 18 de maio de 2026.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación deste expediente e PROPOÑO A ACEPTACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO PROXECTO DENOMINADO “MELLORA DA XESTIÓN DA AUGA NO ÁMBITO RURAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA A TRAVÉS DO APODERAMENTO, APOIO E POSTA EN VALOR DAS COMUNIDADES DE USUARIOS DA AUGA”.

IV. Réxime competencial

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL e no 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, polo que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

*En Pontevedra, na data da sinatura electrónica
O xefe do Servizo de Cooperación
Marcos Areán González*

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que se atribúen no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e nas Bases específicas de execución do Orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do xefe do Servizo de Cooperación do 8 de xullo de 2025 e da Intervención Provincial do 19 de maio de 2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a modificación do prazo máximo de seis (6) meses, contados a partir da data en que expire o prazo máximo outorgado para executar o proxecto denominado “Mellora da xestión da auga no ámbito rural da provincia de Pontevedra a través do apoderamento, apoio e posta en valor das comunidades de usuarios de auga”, segundo se regula no artigo 15.2 da Orde DSA/632/2022, de 23 de xuño, cuxo vencemento é o 16 de novembro de 2025, en 6 meses, polo que se amplía deste xeito o prazo máximo para executar o proxecto ata o 18 de maio de 2026.
- Darlles traslado deste acordo ao Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



15.35458.- DESESTIMACIÓN DA MODIFICACIÓN DO DOCUMENTO TÉCNICO DA COMUNIDADE USUARIOS DE SECA, SIERRA Y CAMPOLIMPO RELATIVO AO INVESTIMENTO “MEMORIA DE DIVERSAS OBRAS NOS MANANTIAIS DE AUGA” NO MARCO DO PLAN +AQUA 2024 (EXPTE.2024014508)

No expediente consta o informe da Xefatura do servizo de data 09/06/2025 con CSV: N823VZ4WM5ATLH3X, e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o informe da Xefatura do servizo antedito e a dilixencia desfavorable á modificación da intervención provincial de data 07/07/2025, con CSV LVZTB2EG1GZ4CWFN, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Desestimación da modificación do documento técnico da comunidade usuarios de Seca, Sierra y Campolimpó (CIF: V36524114), relativo ao investimento “memoria de diversas obras nos manantiais de auga” no marco do Plan +AQUA 2024.
2. Deixar en dispoñible no proxecto de gasto correspondente e na aplicación orzamentaria 25/942.4590.789.07.24 crédito por importe de 10.000,00 euros con destino a nova proposta de inversión que pretende acometer a comunidade usuarios de Seca, Sierra y Campolimpó (CIF: V36524114).
3. Lembrar que a, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan +AQUA 2024 (BOPPO: 20/12/2023), aprobadas Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 11 de decembro de 2023 e á demais lexislación vixente de subvencións, así como que a obra deberá estar executada e xustificada a día 02/11/2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
4. Darlle traslado do presente acordo á *Comunidade usuarios de Seca, Sierra y Campolimpó* (CIF: V36524114), á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

16.35459.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA ORESA, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. (B-36.494.185), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DA OBRA “RECUPERACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO E MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL ENTRE OS PP.QQ. 1+200 E 1+780 DA EP-1104 MOAÑA – COIRO (MOAÑA)”. (EXPTE.2020020320)(DEVOGARÁN 2025030322)

Por acordo número 7.30149 adoptado pola Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria, de data 09 de abril de 2021 (CSV.- G2ZMU1MDOUJ0369E), adxudicouse, mediante procedemento aberto simplificado, o contrato de obra de “*Recuperación do espazo público e mellora da mobilidade peonil entre os p.q 1+200 e 1+780 da E.P. 1104 Moaña-Coiro (Moaña)*”. (Núm. Expte. 2020049300)



Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil Obras, reformas e saneamentos, S.L. -ORESA- (B-36.494.185), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
OBRAS, REFORMAS E SANEAMENTOS, S.L. (B-36.494.185)	24.189,92€	202100055286	17/03/2021

Igualmente, neste acordo da Xunta de Goberno número 7.30149 adxudicouse á empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (CIF B-81.470.841), o contrato derivado do “Acordo marco que rexe a prestación do Servizo de Seguridade e Saúde nas obras da Deputación de Pontevedra -ZONA CENTRO (CD 2020020320/1)”.

Para garantir a correcta realización deste servizo de “Seguridade e Saúde” a entidade mercantil INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L., presentou unha garantía por importe de noventa e sete euros con sesenta e catro céntimos (157,50€), constituída pola empresa.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- 6R8PH2AIA7D88JBT), no cal sinala que “(...) *procede a devolución da fianza definitiva constituída polo contratista polo 5% do prezo de adxudicación sen IVE, por importe de vinte e catro mil cento oitenta e nove euros con noventa e dous céntimos (24.189,92 €), segundo consta na carta de pagamento núm. 202100055286 de data 17/03/2021.*

No relativo ao contrato derivado con Expte. 2020020320/1 do “Acordo marco que rexe a prestación do Servizo de Seguridade e Saúde nas obras da Deputación de Pontevedra”, adxudicado á empresa INGENIERIA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (B81470841) para levar a cabo a coordinación en materia de seguridade e saúde na mencionada obra, infórmase favorablemente a devolución da garantía definitiva constituída para responder deste contrato derivado por importe de cento cincuenta e sete euros con cincuenta céntimos (157,50 €), segundo consta na carta de pagamento nº 202100091552. (...)

Resultando que no expediente figuran informes emitidos pola Intervención (CSV.-61ZAMPOF2V5BQTZU e 73F768P8BFCQRJSC), nos cales indica que existen na caixa da Deputación as constitucións por parte das entidades mercantis OBRAS, REFORMAS Y SANEAMENTOS, S.L. -ORESA- e INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L., dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e nos que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Recuperación do espazo público e mellora da mobilidade peonil entre os p.q 1+200 e 1+780 da E.P. 1104 Moaña-Coiro (Moaña)*” (Núm. Expte. 2020020320), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. -ORESA- (B-36.494.185), por resultar adxudicataria de dito contrato, que é a seguinte:

- A constituída mediante aval emitido pola entidade SOLUNION SEGUROS, COMPAÑÍA INTERNACIONAL DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A., por importe de vinte e catro mil cento oitenta e nove euros con noventa e dous céntimos (24.189,92 €) -*Con certificado de seguro número 7402115500647*-, que foi depositada na Tesourería Provincial con data 17/03/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100055286.

TERCEIRO.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (B-81.470.841), por resultar adxudicataria do contrato de “Seguridade e Saúde” do contrato de “*Recuperación do espazo público e mellora da mobilidade peonil entre os p.q 1+200 e 1+780 da E.P. 1104 Moaña-Coiro (Moaña)*”, que é a seguinte:

- A constituída en metálico, por importe de cento cincuenta e sete euros con cincuenta céntimos (157,50 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 07/05/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100091552.

17.35460.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA INTERVENTO 2, S.L. (B-36.494.185), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “MUSEALIZACIÓN DO CASTELO DE SOBROSO (PONTEAREAS), QUE COMPRENDE A PLANIFICACIÓN, XESTIÓN, DESEÑO, ELABORACIÓN, EXECUCIÓN E POSTA EN MARCHA SEGUNDO O PROXECTO EXECUTIVO” (EXPTE.2020050034) (DEVOGARÁN 2025042899)

Por acordo número 8.30301 adoptado pola da Xunta de Goberno, celebrada en sesión ordinaria, de data 14 de maio de 2021 (CSV.- J8IWFC8S8DD6ELDT), adxudicouse, mediante procedemento aberto simplificado o “*Servizo de Musealización do Castelo de Sobroso (Ponteareas) que comprende a planificación, xestión, deseño, elaboración, execución e posta en marcha segundo o proxecto executivo*”. (Núm. Expte. 2020050034).



Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *Intervento 2, S.L.*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que foi o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
INTERVENTO 2, S.L. (B-80.690.910)	10.811,20€	202100080972	29/04/2021

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Centro Turismo Rías Baixas (CSV.- BD8U4JT8TDY78JJR), no cal sinala que “(...) *a entidade mercantil INTERVENTO 2, S.L. (NIF.-B-80.690.910), cumpriu satisfactoriamente dito contrato, non incorrendo en anomalía, incidencia ou responsabilidade derivada da execución do mesmo, polo que segundo dispón o artigo 111 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público procede a devolución da garantía definitiva (...)*”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.-WHR1E61G7G6PWGDR), no cal indica que existen na caixa da Deputación as constitucións por parte da entidade mercantil INTERVENTO 2, S.L., dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Musealización do Castelo de Sobroso (Ponteareas) que comprende a planificación, xestión, deseño, elaboración, execución e posta en marcha segundo o proxecto executivo*” (Núm. Expte. 2020050034), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil INTERVENTO 2, S.L. (A-80.690.910), por resultar adxudicataria de dito contrato e que foi a seguinte:

- o A constituída, mediante aval emitido pola entidade AUDIOVISUAL FIANZAS, S.G.R. -*Inscrito no Rexistro especial de avais, co nº 010000003918*-, por importe de dez mil oitocentos once euros con vinte céntimos (10.811,20 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 29/04/2021, segundo mandamento de ingreso con número de Carta de Pago 2021000080972 (Nº operación 12024000030476).



18.35461.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEFINITIVAS CONSTITUÍDAS POLA UTE ARICUR, S.L.-OTERO FORESTAL, S.L.-NORTEMAR, S.L. (U-01846948) PARA RESPONDER DO CONTRATO RELATIVO A “SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS E MAQUINARIA NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”-LOTES 1 E 2 (EXpte. 2022030646) (DEVOGARÁN 2025008405)

Por acordo, número 8.32128, adoptado pola Xunta de Goberno celebrada na súa sesión ordinaria, de data 23 de setembro do ano 2022 (CSV.- LTEDVXBQGP5ZUHO), adxudicouse, mediante procedemento aberto, o contrato de “*Subministración de materiais e maquinaria na rede viaria da Deputación de Pontevedra (Lotes 1, 2 e 3)*”. (Expte. 2022030646).

Para responder da correcta execución destes lotes, a entidade UTE Aricur, S.L. – Otero Forestal, S.L. – Nortemar, S.L., constituíu na Tesourería desta Deputación as garantías definitivas equivalentes ao 5% dos prezos de adxudicación de ditos lotes, que foron as seguintes:

Empresa	Lotes	Importe	Carta de Pago	Data
UTE ARICUR-OTERO FORESTAL-NORTEMAR	1	5.878,85€	202200180094	12/09/2022
	2	10.078,19€	202200180143	12/09/2022

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- 9QK59IYXFWTEQIPX), no cal sinala que “(...) *Por todo isto, unha vez finalizado o prazo de vixencia da prórroga do contrato non vemos razóns nas que se poida ver afectada a garantía cumprindo as circunstancias previstas polo artigo 110 LCSP, polo que procede a devolución (...)*”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- C17BTBHE8HBT7ABO), no cal indica que existen na caixa da Deputación as constitucións por parte das entidades adxudicatarias, das garantías definitivas depositadas con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación dos lotes 1 e 2 que compuxeron o contrato de “*Subministración de materiais e maquinaria na rede viaria da Deputación de Pontevedra*”, que foron os seguintes:

Lote 1.- Zona Norte, brigada 3 (5.878,85 €).

Lote 2.- Zona Centro, brigada 1 e 2 (10.078,19 €).

SEGUNDO.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas polas empresas adxudicatarias dos lotes que compuxeron dito contrato, que foron as seguintes:

○ A constituída mediante aval emitido pola entidade ABANCA (*Inscrito no Rexistro Especial de Avals co número 677932*), por importe de cinco mil oitocentos setenta e oito euros con oitenta e cinco céntimos (5.878,85 €), que foi depositada na Tesourería Provincial o 12/09/2022, segundo mandamento de ingreso con número de Carta de Pago 202200180094 (Nº de operación 12024000030658).

○ A constituída mediante aval emitido pola entidade ABANCA (*Inscrito no Rexistro Especial de Avals co número 677923*), por importe de dez mil setenta e oito euros con dezanove céntimos (10.078,19 €), que foi depositada na Tesourería Provincial o 12/09/2022, segundo mandamento de ingreso con número de Carta de Pago 202200180143 (Nº de operación 12024000030659).

19.35462.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, “CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. (A-36008886)”, PARA RESPONDER DO CONTRATO RELATIVO A “SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS E MAQUINARIA NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” -LOTE 3 (EXPT. 2022030646) (DEVOGARÁN 2025008405)

Por acordo, número 8.32128, adoptado pola Xunta de Goberno celebrada na súa sesión ordinaria, de data 23 de setembro do ano 2022 (CSV.- LTEDVXBQGP5ZUHO), adxudicouse, mediante procedemento aberto, o contrato de “*Subministración de materiais e maquinaria na rede viaria da Deputación de Pontevedra (Lote 3)*”. (Expte. 2022030646)

Para responder da correcta execución deste lote, as empresa Construcciones, obras y Viales, S.A., constituíu na Tesourería desta Deputación a garantía definitiva equivalente ao 5% do prezo de adxudicación de dito contrato, que foi a seguinte:

Empresa	Lotes	Importe	Carta de Pago	Data
CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A	3	5.787,60€	202200182922	15/09/2022



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- 9QK59IYXFWTEQIPX), no cal sinala que “(...) *Por todo isto, unha vez finalizado o prazo de vixencia da prórroga do contrato non vemos razóns nas que se poida ver afectada a garantía cumprindo as circunstancias previstas polo artigo 110 LCSP, polo que procede a devolución (...)*”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- C17BTBHE8HBT7ABO), no cal indica que existen na caixa da Deputación as constitucións por parte das entidades adxudicatarias, das garantías definitivas depositadas con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do lote 3 que compuxo o contrato de “Subministración de materiais e maquinaria na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, que foi o seguinte:

Lote 3.- Zona Sur, brigada 8 (5.787,60 €).

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola empresa Construcciones, Obras y Viales, S.A. (COVSA), adxudicataria de dito lote, que foi a seguinte:

- A constituída mediante aval emitido pola entidade *LIBERTY MUTUAL INSURANCE EUROPE SE (Inscrito no Rexistro Especial de Avals co número 200989)*, por importe de cinco mil setecentos oitenta e sete euros con sesenta céntimos (5.787,60 €), que foi depositada na Tesourería Provincial o 15/09/2022, segundo mandamento de ingreso con número de Carta de Pago 202200182922 (Nº de operación 12024000030662).

20.35463.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (EXPTES. 2025050336, 2025049784, 2025049694 E 2025050640)

a) Vista a relación de operacións con número 2025050336 (CSV:TTS415HTCJDGO0BA), que contén 6 operacións por un importe de 45.540,66 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	45.635,66 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	95,00 €
Total líquido	45.540,66€



b) Vista a relación de operacións con número 2025049784 (CSV:T7YBTXEA4OC9T2IP), que contén 1 operación por un importe de 2.068,00 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	2.068,00 €
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións.....	0,00 €
Total líquido.....	2.068,00 €

c) Vista a relación de operacións con número 2025049694 (CSV: TNZV1T98ORRNPXKR), que contén 1 operación por un importe de 663,00 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	786,50€
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións.....	123,50 €
Total líquido.....	663,00€

d) Vista a relación de operacións con número 2025050640 (CSV: S555E5BC3B3HSLMM), que contén 1 operación por un importe de 171,82 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	171,82 €
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	171,82€



21.35464.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR LESIÓNS A CONSECUCENCIA DUNHA CAÍDA NO CONCELLO DE SOUTOMAIOR (EXPTE.2023075004)

Dada conta que con data de rexistro 13/12/2023 (núm. rex. 2023023457), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial, subscrita por D.^a Elisa Ángela Pérez Fontán en representación do seu fillo, menor de idade, D. Mario González Pérez, por lesións producidas o día 23/11/2023 por mor dunha caída co seu patinete a consecuencia da ausencia dunha baldosa da beirarrúa da estrada provincial E.P. 2908 Arcade-Amoedo, no Concello de Soutomaior, non sendo cuantificada economicamente nese intre.

Resultando.- Que con data 13/02/2024, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu na data 14/03/2024, co seguinte contido:

PRIMEIRO.- A estrada E.P. 2908 ARCADE-AMOEDO pertence á rede provincial de estradas.



O accidente tivo lugar no punto quilométrico PK 1+825 (marxe esquerda) desta estrada provincial.



SEGUNDO.- Non existen escritos rexistrados nin partes de incidencias en ningún caso polo motivo sinalado como causa do accidente. Desde ano 2022 aparecen incidencias na estrada provincial pero por outros motivos alleos á incidencia sinalada (achéganse os partes rexistrados).

Listados de Partes / Partes

Partes de incidencias para vías e obras

Nº de Parte	Rexistro	Comunicado	Finalizado	Comunica	Notas	Finalizado	Comunica	Notas	Finalizado	Comunica	Notas
2022	182	08/06/2022	11:35	01128	SOUTOMAJOR	Sur	08/06/2022	11:38	01128	Arcade • Amoedo	1.2
		08/06/2022	12:15	01128	Taboada e Ramos						
		Comunica		112 - SOS GALICIA		POLICIA LOCAL					
		Notas									
		Finalizado		mancha de gasoil							
2022	197	16/06/2022	14:05	05413	SOUTOMAJOR	Sur	16/06/2022	14:10	05413	Arcade • Amoedo	0.0
		16/06/2022	14:12	05413	Taboada e Ramos						
		Comunica		112 - SOS GALICIA							
		Notas		Chámame o capataz e dime que os conos están colocados porque están a realizar traball							
		Finalizado		Conos colocados nun paso de peons que molestan para cruzar a calle.							
2022	233	14/07/2022	22:28	05413	SOUTOMAJOR	Sur	14/07/2022	22:30	05413	Arcade • Amoedo	5.0
		14/07/2022	00:37	01128	Taboada e Ramos						
		Comunica		112 - SOS GALICIA							
		Notas		Taboada Ramos empresa							
		Finalizado		Arbore caída							
2022	241	18/07/2022	17:07	01128	SOUTOMAJOR	Sur	18/07/2022	17:22	01128	Arcade • Amoedo	1.0
		18/07/2022	19:30	01128	Taboada e Ramos						
		Comunica		112 - SOS GALICIA							
		Notas		(ACUDIRON TABOADA Y RAMOS S.L. E O CAPATAZ MANUEL BACARIZA BUSTELO)ta							
		Finalizado		VERTIDOS DE AGLOMERADO EN VARIOS LOMBOS							
2022	446	23/10/2022	14:26	alberto	SOUTOMAJOR	Sur	23/10/2022	14:30	alberto	Arcade • Amoedo	2.0
		23/10/2022	14:30	alberto	Padín						
		Comunica		112 - SOS GALICIA							
		Notas		CERRADO CO PARTE 412							
		Finalizado		ÁRBOL A PUNTO DE CAER							
2022	502	04/11/2022	13:04	01128	SOUTOMAJOR	Sur	04/11/2022	13:07	01128	Arcade • Amoedo	3.5
		04/11/2022	13:07	01128	Taboada e Ramos						
		Comunica		112 - SOS GALICIA							
		Notas		cerrase con parte 501							



Finalizado		Incidencia		sinalizar cables peligrosos sobre a estrada (esta avisada a compañía)	
Nº de Parte	Registro	12/12/2022	10:06	01128	SOUTOMAJOR
2022	610	Comunicado	12/12/2022	09:57	01128
		Finalizado	12/12/2022	09:57	01128
					Arcade - Amoedo
					Taboada e Ramos
		Comunica	112 - SOS GALICIA		
		Notas	Continuación del parte 609		
			árbol caído		
Finalizado		Incidencia			
Nº de Parte	Registro	24/12/2022	23:10	alberto	SOUTOMAJOR
2022	685	Comunicado	24/12/2022	23:12	alberto
		Finalizado	25/12/2022	02:05	alberto
					Victor
		Comunica	112 - SOS GALICIA		
		Notas			
			ÁRBOL QUE OCUPA UN CARRIL.		
Finalizado		Incidencia			
Nº de Parte	Registro	30/12/2022	10:14	05413	SOUTOMAJOR
2022	709	Comunicado	30/12/2022	10:16	05413
		Finalizado	30/12/2022	12:50	05413
					Taboada e Ramos
		Comunica	112 - SOS GALICIA		
		Notas			
			Arbore caída sobre cableado		
Finalizado		Incidencia			

Listados de Partes / Partes

Partes de incidencias para vías e obras

Nº de Parte	Registro	05/01/2023	20:19	01128	SOUTOMAJOR
2023	33	Comunicado	05/01/2023	20:17	01128
		Finalizado	05/01/2023	20:17	01128
					Victor
		Comunica	112 - SOS GALICIA		
		Notas	Continuación del parte 32		
			jabali muerto		
Finalizado		Incidencia			
Nº de Parte	Registro	08/03/2023	15:15	01128	SOUTOMAJOR
2023	190	Comunicado	08/03/2023	15:20	01128
		Finalizado	08/03/2023	16:46	01128
					Alberto
		Comunica	112 - SOS GALICIA		
		Notas	GARDA DA BRIGADA 4 TABOADA Y RAMOS S.L. Acudiron á zona e non atoparon nada.		
			ÁRBORE NA ESTRADA		
Finalizado		Incidencia			
Nº de Parte	Registro	09/03/2023	09:35	alberto	SOUTOMAJOR
2023	193	Comunicado	09/03/2023	09:35	alberto
		Finalizado	09/03/2023	10:10	alberto
					Taboada e Ramos
		Comunica	112 - SOS GALICIA		
		Notas			
			RAMPA QUE OCUPA A CALZADA.		
Rexistrado		Incidencia			
Nº de Parte	Registro	22/03/2023	00:42	05413	SOUTOMAJOR
2023	217	Comunicado	22/03/2023	00:46	05413
		Finalizado	22/03/2023	02:17	05413
					Taboada e Ramos
		Comunica	112 - SOS GALICIA		
		Notas	Javier Taboada e ramos.		
			Xabarin morto		
Finalizado		Incidencia			
Nº de Parte	Registro	19/06/2023	09:32	01128	SOUTOMAJOR
2023	389	Comunicado	19/06/2023	09:36	01128
		Finalizado	19/06/2023	11:00	alberto
					Taboada e Ramos
		Comunica	112 - SOS GALICIA		
		Notas			
			mancha de gasoil de 8 metros		
Finalizado		Incidencia			
Nº de Parte	Registro	08/08/2023	17:48	01128	SOUTOMAJOR
2023	447	Comunicado	08/08/2023	17:52	01128
		Finalizado	08/08/2023	19:55	01128
					Taboada e Ramos
		Comunica	112 - SOS GALICIA		
		Notas	xa acudiu tamén a incidencia a compañía suministradora		



Finalizado		Incidencia		solicita sinalización duns cables sobre a estrada (esta a compañía avisada)	
Nº de Parte	Registro	12/08/2023	02:11	01128	SOUTOMAIOR
2023	451	Comunicado	12/08/2023	02:15	Arcade - Amoedo
		Finalizado	12/08/2023	04:35	Taboada e Ramos
		Comunica	112 - SOS GALICIA		
		Notas			
Finalizado		Incidencia		MANCHA DE ACEITE POR ACCIDENTE	
Nº de Parte	Registro	29/08/2023	11:09	01128	SOUTOMAIOR
2023	477	Comunicado	29/08/2023	11:18	Arcade - Amoedo
		Finalizado	29/08/2023	11:45	Taboada e Ramos
		Comunica	112 - SOS GALICIA		
		Notas	Avisa el 112 para anular el servicio. Se comunica a la brigada y se procede al cierre del pe		
Finalizado		Incidencia		Retirada animal muerto	
Nº de Parte	Registro	18/09/2023	12:03	01128	SOUTOMAIOR
2023	513	Comunicado	18/09/2023	12:04	Arcade - Amoedo
		Finalizado	18/09/2023	14:00	Taboada e Ramos
		Comunica	112 - SOS GALICIA		
		Notas			
Finalizado		Incidencia		MANCHA DE COMBUSTIBLE NA ESTRADA	
Nº de Parte	Registro	04/11/2023	05:24	01128	SOUTOMAIOR
2023	727	Comunicado	04/11/2023	05:26	Arcade - Amoedo
		Finalizado	04/11/2023	05:26	Victor
		Comunica	112 - SOS GALICIA		
		Notas	Cérrase co parte 726.		
Finalizado		Incidencia		ÁRBORE CAÍDA NA ESTRADA.	
Nº de Parte	Registro	18/12/2023	08:14	01128	SOUTOMAIOR
2023	884	Comunicado	18/12/2023	08:13	Arcade - Amoedo
		Finalizado	18/12/2023	09:25	Taboada e Ramos
		Comunica	112 - SOS GALICIA		
		Notas	CONTINUÁ NO 885		
Finalizado		Incidencia		xeo na estrada	
Nº de Parte	Registro	18/12/2023	09:02	01128	SOUTOMAIOR
2023	885	Comunicado	18/12/2023	09:00	Arcade - Amoedo
		Finalizado	18/12/2023	09:00	Taboada e Ramos
		Comunica	112 - SOS GALICIA		
		Notas	PECHASE NO 884		
Finalizado		Incidencia		SAÍDA VÍA	



TERCEIRO.- Descoñécese a causa do deterioro na beirarrúa pero hai que ter en conta o paso do tempo desde a execución da urbanización onde se construíu este tramo (achégase foto do visor de Google Earth de xullo do 2023 onde non existen danos na beirarrúa).



Foto do visor de Google Earth

CUARTO.- Non existía, con anterioridade a esta reclamación, constancia de ningún perigo que puidera incidir na seguridade viaria da estrada provincial, polo que non procedía por parte deste servizo a sinalización do mesmo.

QUINTO.- Aínda que o Regulamento Xeral de Circulación (RGC) indica que ningún vehículo deberá circular polas beirarrúas e demais zonas peonís establece unha excepción. Esta condición constitúena monopatíns, patíns ou aparellos similares (non queda aclarado que tipo de patinete leva o reclamante) que -como engade a normativa- só poderán circular a paso de persoa.

Á vista da foto que se achega entendemos que o obstáculo era visible e rebasable.
A profundidade aproximada da plaqueta levantada sería de 2 cm.



Maria Belén Pampín Camino
Enxeñeiro

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2024004885 de data 11/06/2024, e en virtude do artigo 32.1 da Lei 39/2015, ampliouse o prazo para resolver o procedemento por proceder, naquel intre, a apertura do período probatorio, circunstancia esta que aconsellou a ampliación do prazo para resolver.

Resultando.- Que nesa mesma data, mediante Resolución Presidencial RP2024004894, e en virtude do artigo 77 da Lei 39/2015, abriuse o período referido ós actos de instrución do procedemento, incluíndo nel o período probatorio, no que a interesada podería propoñer aquelas probas ou actuacións que ó seu dereito conviñeran a fin de que puideran practicarse cantas se xulgasen pertinentes, e debendo aportar, como acto de instrución realizado de oficio, o informe médico de alta e, de ser o caso, o informe pericial determinante das secuelas, así como a cuantificación económica do importe reclamado.

Resultando.- Que con data 17/07/2024, comparece nas dependencias da Asesoría Xurídica da Deputación, D. Juan José González González, proxenitor de D. Mario González Pérez, ao efecto de entregar xustificante da solicitude ó Sergas do informe de alta médica e a cuantificación económica do importe reclamado, ascendendo esta a 3.039,30 €.

Resultando.- Que con data 22/07/2024, aporta informe médico da retirada de escaiola na data 20/12/2023, considerando como data de alta a deste informe.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Capítulo IV do Título Preliminar, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no relativo ó prazo para resolver, e isto debido á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación no acontecido polos seguintes argumentos que se desprenden do expediente:

Descoñécese a causa do deterioro na beirarrúa pero hai que ter en conta o paso do tempo desde a execución da urbanización onde se construíu este tramo.

Na foto do visor de Google Earth de xullo do 2023, escasos meses antes do incidente, non existen danos na beirarrúa.



Non existen escritos rexistrados nin partes de incidencias polo motivo da presente reclamación.

- Non existía constancia de ningún perigo que puidera incidir na seguridade, motivo polo cal non había sinalización de advertencia.
- Á vista das fotografías achegadas, o desperfecto da beirarrúa era perfectamente visible e rebasable, mantendo a atención imprescindible na deambulación.
- Existía mais espazo na beirarrúa para pasar, evitando o desperfecto.
- Non houbo mais caídas pola mesma causa, o que incide na falta de dilixencia e atención do accidentado, que posuindo o control da situación non foi quen de evitar a caída; así, o lugar no que acaeceu a caída atópase a escasos metros do pavillón municipal “A Montesíña”, así como do Colexio Santiago Apóstol e do establecemento Café Xícara, transitando polo lugar os viandantes que acoden ós citados lugares, o que evidencia que o desperfecto pode ser salvado no deambular normal dunha persoa.

Nesta liña argumental o entenderon precedentes como os que se citan “ad exemplum”:

“... *El comportamiento humano implica soportar los pequeños riesgos que una eventual falta de cuidado y atención comporta...*”
Sentenza de 2 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S., LA LEY JURIS 11410/2006; e na mesma liña:

- Sentenza do 9 de maio de 2000 do T.S.
- Sentenza do 26 de marzo de 2004 do T.S.X.G.
- Sentenza do 10 de marzo de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo do T.S.J. de Canarias.
- Sentenza do 30 de novembro de 2005, da Sección 14ª da Audiencia Provincial de Barcelona.
- Sentenza do 23 de decembro de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, do T.S.J. de Castilla y León.
- Sentenza do 3 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S.
- Sentenza do 9 de marzo de 2006, da Sección 1ª do T.S.J. de Andalucía.
- Sentenza do 6 de abril de 2006, da Sección 3ª do T.S.J. de Andalucía.



- Sentenza do TSXG de 3 de abril de 2013, que citando anteriores sentenzas de 29 de febreiro e de 9 de maio de 2012, expresa que:

“La vía pública no está exenta de peligros para el peatón (...) en el presente caso, el obstáculo que se dice originador de la caída no parece susceptible de originarla sin el actuar desatento de la víctima o, en su caso, un tropiezo fortuito o debido a su edad... no parece que la diferencia de nivel de la loseta con la que tropezó la recurrente (de 2, 3 ó 4 cms.) pueda entenderse que vulnera los estándares de seguridad exigible, la diferencia de nivel es mínima y tolerable y en consecuencia no fue ese desnivel la causa eficiente de la caída”.

- Sentenza do TSXG de 14 de abril de 2021 que recolle o que sigue:

“... Con carácter general, una caída derivada de un tropiezo en un obstáculo de dimensiones insignificantes o visibles entraña un daño no antijurídico, que debe soportar el administrado desde el mismo momento que participa del servicio público de aceras o calzada, porque no se puede pretender que la totalidad de aceras o calzadas de un casco urbano se encuentren absolutamente perfectas en su conservación y rasante (mayormente en el actual momento económico, con escasez de recursos), estando a cargo de quien lo sufre el daño que se produce como consecuencia de los riesgos generales de la vida inherentes al comportamiento humano, debiendo soportar los riesgos de una eventual falta de atención o cuidado en la deambulación por lugares de paso, como indican las sentencias del T.S. de 17/07/2003 y 22/02/2007, toda vez que la vida pública no está exenta de peligros para el peatón y si cualquier bache, desconchado, humedad, pendiente... se entiende causa eficiente para la producción del daño se estaría convirtiendo a la Administración (normalmente la Local) en aseguradora universal de todo evento dañoso, el obstáculo que se dice originador de la caída no parece susceptible de originarla sin el actuar desatento de la víctima, tropiezo fortuito, condiciones psicofísicas de la accidentada..., y, aún con deficiente conservación de la acera o calzada por la Administración, el necesario autocontrol de la deambulación excluye la responsabilidad de la Administración en los casos en que el desperfecto u obstáculo fuera fácilmente aplicable o conocido por el peatón por ser persona con vinculación en la zona o de mínima entidad que impida apreciar su capacidad para ocasionar daños en condiciones normales”.

- Ditame do Consello Consultivo de Galicia 877/06.
- Sentenza 262/2011 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.
- Sentenza 156/2010 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:

“...aún en el caso de reconocer ese déficit en las medidas, sea de seguridad sea de vigilancia, a adoptar respecto a la zona en obras, tampoco sería posible hablar de nexo causal directo (...). Al contrario, todo parece indicar que fue una desatención por parte del peatón en las condiciones de la vía la que originó el siniestro...”

- Sentenza 20/2012 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:

“Por tanto, ni el estado de la acera en ese punto puede considerarse sorpresivo para el peatón, ni se puede considerar que fuese un obstáculo imprevisible e inevitable, pues se aprecia claramente por una persona con diligencia media con un deambular normal, existiendo más espacio en la acera para pasar, de forma que ha de considerarse que D^a. Victoria iba distraída y perdió el equilibrio cayendo en la acera (...) Se acredita la causa de exoneración consistente en culpa de la víctima, pues a esta también le es exigible la deambulación diligente, sin que quepa hacer del carácter objetivo de la



responsabilidad patrimonial de la Administración Pública una especie de aseguradora universal de todos los daños que se produzcan...

- Sentenza 252/13 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo:

“...el daño ha de imputarse a la falta de atención y cuidado del peatón, daño que tenía el deber jurídico de soportar y que desde esta perspectiva, no puede calificarse como de antijurídico...”

- Sentenza 150/16 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:

“...Es exigible a cualquier viandante una mínima diligencia y cuidado cuando transita, que se concreta lógicamente en un deber de atención y cuidado”.

- Sentenza 210/2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:

“(...) Eventual falta de atención, comportamiento desatento, o falta de diligencia básica debida en el actuar de la peatón lesionada. Sumado a la evidente dificultad para mantener en un impecabilísimo estado de conservación todas las aceras y vías públicas... y a la falta de demostración de que M^a. Dolores sufriera algún tipo de dolencia, enfermedad o discapacidad física, que le impidiera asegurar el paso en términos más o menos razonables, así como de que en ese mismo lugar hubiera sufrido otra caída algún otro viandante en fechas cercanas, así como a la condición del punto concreto donde se encontraba el desnivel de zona por la que no tiene que transitar el peatón, en tanto se encuentra dentro del alcorque instalado para un árbol y en una acera de considerables dimensiones (lo cual dejaba un muy buen espacio libre para la deambulación de la peatón aquí lesionada) entiendo que impide tener por cierta la acreditación suficiente para este supuesto de la existencia de un nexo causal eficiente, directo, entre daño o lesión por el que se reclama y el funcionamiento de un servicio público municipal. Por lo dicho procede la desestimación del presente recurso”.

Na mesma liña argumental se pronuncian os Xulgados de Pontevedra nas sentenzas 4/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1, 217/2017 e 82/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 e a Sentenza 05/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, todos eles de Pontevedra; así como a Sentenza 123/23 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Vigo, ó sinalar o seguinte:

“... Sin embargo, esas irregularidades del pavimento, esos defectos de las losetas sobre el que se funda la imputación de responsabilidad patrimonial a la Administración debe considerarse en cabal aplicación de la doctrina anteriormente reseñada, como una irregularidad de la calzada banal o insignificante, como un riesgo inexistente, no cualificado e irrelevante en relación con el control normal del propio deambular, razón por la que el daño ha de imputarse a la falta de atención y cuidado de la peatón, daño que tenía el deber jurídico de soportar y que, desde esta perspectiva, no puede calificarse de antijurídico (...) El siniestro se produjo en horas diurnas (...) en nuestro caso, las deficiencias de la vía pública, en los términos que han sido descritas, no puede concluirse que superen, por su naturaleza y riesgo inherentes, los estándares medios que el ciudadano debe soportar.



Considerando.- Que en supostos con identidade de razón, foron desestimadas as solicitudes de indemnización, sen que os reclamantes tiveran acudido á vía xudicial, conscientes de que hai accidentes que dependen unicamente da dilixencia na deambulacón de quen os sofre, e que, atendendo á fundamentación e razoamentos do acordo notificado, declinaron interpoñer, xa non recurso na vía administrativa, senón nin sequera na orde contenciosa o que, por outra banda e cinguíndonos ó presente suposto, obrigaría, de recorrer a esta última vía, a solicitar as costas procesuais. Tales precedentes constan na Asesoría Xurídica.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/1985 e 223 do R.d. 2568/1986.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.


A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

22.35465.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE O GROVE (EXPTE.2024024465)

Dada conta que con data de rexistro de entrada 09/04/2024 (rex. núm. 2024006091), o Concello de O Grove traslada a esta Deputación –por tratarse dunha vía de titularidade provincial– reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por D.^a Rita Rodríguez Muñiz, por danos na roda da súa bicicleta, producidos o día 20/11/2023, a consecuencia dun socavo na calzada da estrada E.P. 9101 O Grove-San Vicente, e que cuantificou economicamente en 60,23 €.

Resultando.- Que con data 25/04/2024, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido pola enxeñeira da Deputación, M.^a Belén Pampín Camino, na data 21/06/2024, co seguinte contido literal:

PRIMEIRO.- A estrada EP-9101 O GROVE-SAN VICENTE pertence á rede provincial de estradas.



O accidente tivo lugar no punto quilométrico PK 0+840 desta estrada provincial.



SEGUNDO.- Non existen escritos rexistrados nin partes de incidencias en ningún caso polo motivo sinalado como causa do accidente. Desde o ano 2022 aparecen dúas incidencias na estrada provincial pero por outros motivos alleos á incidencia sinalada (achéganse os partes rexistrados).

[Listados de Partes / Partes](#)

Partes de incidencias para vías e obras

Nº de Parte	Rexistro	24/01/2023	09:48	alberto	O GROVE	Centro
2023	97	Comunicado	24/01/2023	09:50	alberto	O Grove - San Vicente Igrexia
		Finalizado	24/01/2023	11:20	alberto	Victor
Rexistrado	Comunica	112 - SOS GALICIA				
	Notas					
	Incidencia	REVISAR CUNETA.				

[Listados de Partes / Partes](#)

Partes de incidencias para vías e obras

Nº de Parte	Rexistro	22/05/2024	13:30	01128	O GROVE	Centro
2024	319	Comunicado	22/05/2024	13:32	01128	O Grove - San Vicente Igrexia
		Finalizado	22/05/2024	15:30	alberto	Padín
Finalizado	Comunica	112 - SOS GALICIA				
	Notas					
	Incidencia	MANTEMENTO POR SAÍDA DE VÍA				



TERCEIRO.- Descoñécese a causa certa do socavo na calzada pero á vista do estado actual da estrada no punto sinalado, as actuacións recentes por parte dos servizos do Concello do Grove de reparación nos servizos municipais da súa competencia, provocaron danos na calzada provincial deficientemente repostos con carácter provisional e sen ter aínda unha solución definitiva.

PARTE DE INCIDENCIA						 Deputación Pontevedra	
FECHA DE VISITA	09/05/2024	ZONA	CENTRO	CONCELLO	O GROVE		
ESTRADA	EP 9101 O GROVE-SAN VICENTE		P.Q.	0+845	MARGEN		
DESCRIPCIÓN DE LA INCIDENCIA		Solicitud de indemnización por responsabilidad patrimonial					
Reposiciones ejecutadas en la zona, (Concello de O Grove).							
							

CUARTO.- Non existía, con anterioridade a esta reclamación, constancia de ningún perigo que puidera incidir na seguridade viaria da estrada provincial, polo que non procedía por parte deste servizo a sinalización do mesmo.



Respecto á sinalización convencional no sentido da marcha é a seguinte:

PARTE DE INCIDENCIA					 Deputación Pontevedra	
FECHA DE VISITA	09/05/2024	ZONA	CENTRO	CONCELLO	O GROVE	
ESTRADA	EP 9101 O GROVE-SAN VICENTE			P.Q.	0+700	MARGEN
DESCRIPCIÓN DE LA INCIDENCIA: <u>Solicitud de indemnización por responsabilidad patrimonial</u>						

Señalización Pk0+700 sentido crecente.



O que informo aos efectos oportunos.

M.^a Belén Pampín Camino
Enxeñeiro_____



Asemade, o Servizo de Infraestruturas remite as seguintes fotografías nas que se aprecia a reposición executada polo Concello do Grove:



Resultando.- Que, á vista do recollido no informe de Infraestruturas e Vías Provinciais, con data 05/07/2024, e con fundamento no artigo 4.1, apartados b) e c) da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 76.1 da mesma Lei, conferiuse ó Concello de O Grove un prazo de dez días para que puidera comparecer como interesado e realizar as alegacións que tivera por convenientes, remitindo na data 19/07/2024 escrito de alegacións, asinado polo Secretario Xeral, D. David Veiga Sierra, co seguinte contido:

Visto o informe do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación no que se relata que se descoñece a causa certa do socavo na calzada. Ao tempo que se sinala que “as actuacións recentes por parte dos servizos municipais provocaron danos na calzada deficientemente repostos”.

Visto o informe do responsable de Vías e Obras de 19 de xullo de 2024 “a fochanca corresponde a unha reparación do abastecemento de augas municipal e que foi reparada por persoal municipal. Esta quedou sinalizada de forma provisional ata a súa reparación”.

Por todo o exposto anteriormente, achéganse as seguintes alegacións:

Como se expón no informe mencionado do responsable de Vías e Obras municipais, “Cabe supoñer que por causas descoñecidas faltaba a sinalización e que por este motivo a reclamante non viu a fochanca causante dos danos na súa bicicleta”.



Considerando.- Que no presente procedemento seguiu-se o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015 e 91.2 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndense os seguintes argumentos que a eximen de responsabilidade:

Segundo o relatado pola reclamante na súa instancia, o sinistro aconteceu ás 12 horas, é dicir, a plenaluz do día.

Non existen escritos rexistrados nin partes de incidencias polo motivo sinalado na presente reclamación.

Segundo o recollido no informe do Servizo de Infraestruturas da Deputación, non se tivo coñecemento do accidente nin de ningunha incidencia por este motivo.

Asemade, recóllese no citado informe que se descoñece a causa do socavo, pero á vista do estado da estrada nese punto, as actuacións recentes por parte dos servizos do Concello de O Grove de reparación nos servizos municipais da súa competencia, provocaron danos na calzada deficientemente repostos con carácter provisional.

Á vista das fotografías achegadas polo Servizo de Infraestruturas, o desperfecto resultaba perfectamente visible.

Segundo o alegado polo Concello de O Grove na data 19/07/2024, a fochanca corresponde a unha reparación do abastecemento de augas municipal e que foi reparada por persoal municipal, quedando sinalizada de forma provisional ata a súa reparación.

Sinala, asemade, o Concello de O Grove que cabe supoñer que por causas descoñecidas faltaba a sinalización e que por este motivo a reclamante non veu a fochanca causante dos danos na súa bicicleta.

O incidente tivo lugar a escasos metros da vivenda da reclamante, o que induce a pensar que era coñecedora do estado da calzada nese punto, resultando máis que probable que tivera pasado noutras ocasións polo mesmo lugar evitando o desperfecto.



Non houbo mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que non pode a Deputación facerse cargo dos danos ocasionados aínda que sexa a titular da vía, toda vez que o obxecto da reclamación correspóndese cun desperfecto ocasionado con motivo dunha reparación efectuada polo Concello nos servizos municipais da súa competencia, non podendo imputárselle responsabilidade a esta Administración pola mera detentación material dunha infraestrutura, o que a convertería nunha especie de aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que o artigo 25.2 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, recolle como competencias propias do Municipio o abastecemento de auga potable a domicilio e a evacuación e tratamento de augas residuais, e este servizo, á súa vez, pode ser prestado a través dunha concesión por una empresa. Así, o artigo 288, letra c), da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público establece como obriga do concesionario a de indemnizar os danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, excepto cando o dano sexa producido por causas imputables á Administración. Por iso, no presente caso a responsabilidade recae sobre o Concello de O Grove, motivo polo cal a solicitude de indemnización debe ser rexeitada.

Considerando.- Que, segundo o alegado polo propio Concello de O Grove, a fochanca corresponde a unha reparación do abastecemento de augas efectuada por persoal municipal o que implica a asunción tácita da súa responsabilidade.

Considerando.- Que esta liña argumental é a seguida por precedentes similares, como a Sentenza 80/2008 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:

“(...) No puede responsabilizarse a la Corporación Local de que la tapa del alcantarillado estaba mal colocada pues bien pudo existir una intervención de un tercero, bien haber sido manipulada con ocasión del mantenimiento del servicio de alcantarillado y tratamiento de aguas residuales que es de la competencia municipal de acuerdo con el artículo 25.2 l) y de la Ley 7/1985, de 2 de abril, y el artículo 80.2 l) de la Ley 5/1997, de 22 de julio de Administración Local de Galicia, de tal forma que el título de imputación de la responsabilidad viene dado por la titularidad administrativa del servicio, en cuyo ámbito se produce el daño y que, como se ha dicho, es municipal (...)”.

No mesmo sentido, a Sentenza 158/2017 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra:

“(...) Debe analizarse si ese estado defectuoso de la arqueta es imputable o no a título de responsabilidad a la Administración aquí demandada. La respuesta a esa cuestión debe ser necesariamente negativa pues, como ya se ha dicho anteriormente, el servicio de recogida de aguas no es competencia de la Diputación de Pontevedra”.

Considerando.- Que non houbo mais accidentes pola mesma causa, o que, de xeito subsidiario, induce a pensar, racional e razoablemente, nunha hipotética conducción desatenta cun vehículo (bicicleta) que, precisamente pola súa natureza, require dunha maior atención á vía.



Neste senso, en supostos con identidade de razón, foron desestimadas as solicitudes de indemnización, sen que os reclamantes tiveran acudido á vía xudicial, conscientes de que hai accidentes que dependen unicamente da dilixencia e atención de quen os sofre, e que, atendendo á fundamentación e razoamentos do acordo notificado, declinaron interpoñer, xa non recurso na vía administrativa, senón nin sequera na orde contenciosa o que, por outra banda e cinguíndonos ó presente suposto, obrigaría, de recorrer a esta última vía, a solicitar as costas procesuais. Tales precedentes constan na Asesoría Xurídica. Así, a sentenza 111/2012 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra recolle o seguinte: “...*Resulta un obstáculo visible y, además, evitable para un ciclista aficionado como el demandante, ya sea pasando con cierto cuidado por encima para mantener el equilibrio, o ya sea evitándolo por cualquiera de los dos márgenes que quedaban a derecha y a izquierda (...) ante la característica del resalte y la velocidad que debería llevar el ciclista, debería haber estado en condiciones de apreciarla con tiempo y espacio suficiente como para sortearla de forma eficaz (...) El hecho de que no pudiera salvar el obstáculo y evitar la caída lleva lógicamente a entender la existencia de una conducción inadecuada, ya sea por exceso de velocidad, que hubiera impedido la percepción del obstáculo con tiempo y espacio suficiente para salvarlo, o ya sea por desatención o distracción de las circunstancias de la vía (...) El hecho de no haber evitado la caída, tal y como se alega por las demandadas, sólo puede considerarse debido a su propia falta de diligencia o desatención a la circulación*”.

Na mesma liña argumental se pronuncia a sentenza 65/2010 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra: “*Cuestión distinta es que fuese la irregularidad del firme la que hiciese perder el control al niño, pero esa posibilidad se estima que habría de ser prevista por persona de diligencia media que, al ver las señales de peligro por obra y gravilla suelta, necesariamente habría de acomodar su conducción, en vehículo y todavía más en bicicleta por la fragilidad e inestabilidad que supone, y cuando, además, como ocurre en este caso, se trata de un usuario habitual de la vía que tenía conocimiento del estado en el que se encontraba la carretera; por tanto, no puede considerarse que en este supuesto se haya adoptado la prudencia necesaria, ya sea por el menor, ya sea por sus padres, pues no ha de obviarse que se indica que el niño fue despedido varios metros hacia la cuneta, de forma que probablemente su velocidad no fuese la adecuada. (...) Tampoco cabe atribuir la responsabilidad a la Diputación Provincial de Pontevedra por el mero hecho de ser titular de una vía que se encuentra en obras necesarias para su mantenimiento en condiciones apropiadas, pues no se acredita la relación causal entre el funcionamiento del servicio público competencia de ésta y el accidente sufrido por el menor*”.

Considerando.- Que, a maior abundamento, a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que non houbo chamada por causa do acontecido polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1ª; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2ª; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5ª; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14 e 264/14; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 220/20.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.



Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015 referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a reclamación.

23.35466.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2025, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS” (EXPTE.2025021661)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 27 de decembro de 2024, mediante acordo núm.3.8316, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, en adiante Plan +Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2025.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- En data 02/04/2024, con rexistro núm. WEB2025025132, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2025, petición do Concello de Campo Lameiro na que solicita unha subvención con destino ao financiamento de “Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais” (Expte.: 2025021661).
- O concello solicita o traspaso de 50.732,21 euros da liña 1-investimentos a liña 2. Así mesmo, remite certificado da secretaria interventora municipal indicando que non existen gastos de exercicios pechados pendentes de aprobar.
- Supervisada a proposta orientativa das actuacións a realizar detéctase que hai conceptos que non son subvencionables na liña 2 polo que en data 16/06/2025, con rexistro núm. WEB2025045823, a entidade municipal remite unha nova proposta de actuacións.
- En data 03/07/2025, con rexistro WEB2025050130, o concello remite oficio aclarando que o importe da subvención solicitada ascende a 80.729,78 euros sobre un orzamento total de 83.597,00 euros.
- As actuacións que o concello pretende levar a cabo ao longo do ano 2025 son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Canon tratamento de residuos domésticos	34.713,00 €	33.522,41 €
Contrato de servizos para o desbroce e limpeza da parroquia de Fragas	15.905,45 €	15.359,92 €
Contrato de servizos para a xestión do ximnasio municipal	17.303,00 €	16.709,54 €
Contrato de servizos para desbroce, podado de vexetación, mantemento de superficies e retirada de residuos para as rutas “Dos Maneses”, “Senda dos pescadores” e “Vía Mariana”	15.675,55 €	15.137,91 €
TOTAL	83.597,00 €	80.729,78 €



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do xefe do servizo de Cooperación, de data 04/07/2025, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 08/07/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Campo Lameiro*, CIF:P3600700C, a cantidade de 80.729,78 euros, con destino ao financiamento de “*Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais*” (Expte.: 2025021661), cun orzamento por importe de 83.597,00 euros para levar a cabo as seguintes actuacións:

	Orzamento	Subvención
Canon tratamento de residuos domésticos	34.713,00 €	33.522,41 €
Contrato de servizos para o desbroce e limpeza da parroquia de Fragas	15.905,45 €	15.359,92 €
Contrato de servizos para a xestión do ximnasio municipal	17.303,00 €	16.709,54 €
Contrato de servizos para desbroce, podado de vexetación, mantemento de superficies e retirada de residuos para as rutas “Dos Maneses”, “Senda dos pescadores” e “Vía Mariana”	15.675,55 €	15.137,91 €
TOTAL	83.597,00 €	80.729,78 €

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025, aprobadas por acordo núm.3.8316 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 27 de decembro de 2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2025 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2026. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Campo Lameiro*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

24.35467.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.



25.35468.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

26.35469.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

